



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 361

VIII lexislatura

24 de novembro de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

— Informe da Ponencia sobre Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade [113812](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-0897 (54639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e cinco deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego para garantir o abastecemento aos concellos que captan auga no río

Umia, así como o control da proliferación da alga ou cianobacteria *Microcystis spp.* no encoro da Baxe, no concello de Caldas de Reis

[113836](#)

- 08/PNP-0892(54421)(54516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para a mellora asistencial do Hospital Abente e Lago da Coruña [113839](#)

- 08/PNP-0888 (54429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre a demanda ao Goberno central do inicio da transferencia á Xunta de Galicia das competencias administrativas en materia de regulación, planificación e xestión do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPTM) [113844](#)

- 08/PNP-0889(54463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co proxecto de instalación dun gran centro comercial na comarca do Salnés

[113847](#)

- 08/PNP-0891(54505)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis
Sobre a reforma do Código penal co fin de revisar e agravar as penas para os autores dos incendios forestais e o incremento dos recursos para a prevención, loita e persecución dos delitos forestais

[113850](#)

- 08/PNP-0893(54524)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Fernández, Rosendo, e sete deputados máis
Sobre a realización de xestións diante do Ministerio de Fomento e o Concello de Ourense para o asinamento dun convenio para a integración urbana do ferrocarril nesa cidade

[113852](#)

- 08/PNP-0894(54552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa actividade cirúrxica que se está a realizar nos hospitais do Sergas

[113855](#)

- 08/PNP-0895(54555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e dous deputados máis
Sobre a ampliación ao conxunto das categorías da oferta pública de emprego do Sergas do ano 2008/2009 da investigación respecto da posible existencia de irregularidades nos procesos selectivos

[113858](#)

- 08/PNP-0896(54575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e dous deputados máis
Sobre a ampliación ao conxunto das categorías da oferta pública de emprego do Sergas do ano 2008/2009 e a investigación respecto da posible existencia de irregularidades nos procesos selectivos

[113865](#)

- 08/PNP-0898(54662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre o impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas

[113872](#)

4. Procedementos de información

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/PPP-0176(54708)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para informar da resolución da convocatoria de admisión a trámite de 2.325 novos MW eólicos e o Plan Re-Xurde 2010

[113875](#)

4.2. Interpelacións

- 08/INT-0608 (54625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre os novos valores do sistema de ensinanza universitaria que pensa publicitar o Goberno galego na campaña informativa contratada por un valor de 944.989 euros

[113876](#)

- 08/INT-0609(54663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o novo modelo que o Goberno galego está a poñer en marcha para a identificación e o rexistro do gando bovino

[113879](#)

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-1849 (54423)(54514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis, e dous deputados máis
Sobre as medidas que se van adoptar para corrixir as deficiencias existentes no funcionamento do Hospital Abente e Lago da Coruña

[113881](#)

- 08/POP-1852(54479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis
Sobre o resultado do proxecto de trazado e construción da Vía Artabra no seu tramo 4: N-VI-Autovía A-6

[113886](#)

- 08/POP-1854(54508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e tres deputados máis
Sobre as actuacións concretas subvencionadas, a través da convocatoria de axudas da Consellería do Medio Rural para o ano 2010,

a cada unha das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción [113889](#)

- 08/POP-1855(54525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a prohibición da mesa redonda referida á privatización da sanidade pública en Galicia, convocada para o día 15 de novembro de 2010 pola Xunta de Persoal do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña [113891](#)

- 08/POP-1856(54550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a redución da actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas no último ano e as súas consecuencias na atención aos doentes en lista de espera [113893](#)

- 08/POP-1857(54560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns polas que se privatiza a xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación [113895](#)

- 08/POP-1858(54570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos criterios de igualdade entre mulleres e homes na campaña de impulso ás prazas de abastos titulada “Este inverno presume de praceiro” [113897](#)

- 08/POP-1860(54593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel, e dous deputados máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento de novas políticas de I+D+i que permitan diminuír o diferencial negativo de Galicia coa media española no esforzo investigador en relación co produto interior bruto [113899](#)

- 08/POP-1859(54627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre os novos valores do sistema de ensinanza universitaria que pensa publicitar o Goberno galego na campaña informativa contratada por un valor de 944.989 euros [113901](#)

4.3.1.1. Preguntas urxentes

- 08/POP-1862(54726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo
Sobre a proposta de resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se sanciona á empresa Construcuatro polo cobro de sobreprezos á vivenda protexida no polígono residencial de Navia, no concello de Vigo (art. 155.5) [113903](#)

1. Procedementos de natureza normativa**1.2. Proxectos e proposicións de lei****1.2.1. Proxectos de lei****Informe da Ponencia sobre Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Informe da Ponencia sobre Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

A Ponencia designada pola Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre o Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1

Antecedentes

1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 28 de xuño de 2010, co número de rexistro 39688.

2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 29 de xuño de 2010, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 263, do 30 de xuño de 2010) e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o día 17 de setembro e o 1 de outubro de 2010, para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Así mesmo, na súa reunión do 15 de xullo de 2010, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

3. As emendas presentadas á totalidade e ao articulado — cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 27 de setembro e 25 de outubro de 2010 e publicadas nos BOPG núms. 323, do 29 de setembro, e 341, do 26 de outubro de 2010— foron:

— Dúas emendas á totalidade de devolución: doc. núm. 48936, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, e 49017, do G.P. dos Socialistas de Galicia.

— E setenta e seis emendas ao articulado: dezaseis do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 51163), seis do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 51165) e cincuenta e catro do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 51174).

4. Na sesión plenaria do día 26 de outubro de 2010 rexeitáronse as anteditas emendas á totalidade de devolución.

2

Constitución, composición e reunións da Ponencia

1. Constitución e composición da Ponencia.

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 4 de novembro de 2010, designou os seguintes ponentes:

- Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia: dona María Angeles Díaz Pardo (titular) e don Miguel Ángel Santalices Vieira (suplente).

- Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Modesto Pose Mesura (titular) e dona María Carmen Acuña do Campo (suplente).

- Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Ana Luisa Bouza Santiago (titular) e dona Ana Belén Pontón Mondelo (suplente).

2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 8 de novembro de 2010, baixo a presidencia do Sr. Santalices Vieira, presidente da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, e coa asistencia ademais das ponentes e do ponente titulares: Sra. Díaz Pardo, Sr. Pose Mesura e Sra. Bouza Santiago, e nela fixouse o seu calendario de traballo.

Nas seguintes reunións, que tiveron lugar os días 11 e 16 de novembro de 2010, coa asistencia das ponentes e do ponente titulares: Sra. Díaz Pardo, Sr. Pose Mesura e Sra. Bouza Santiago, analizáronse con todo detemento en primeira lectura o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas parciais, coa proposta sobre a súa aceptación, incorporando unha emenda técnica xeral, así como o seu rexeitamento, deixando pendente para o seu estudo definitivo determinadas emendas ou a elaboración dos textos transaccionados.

A derradeira reunión tivo lugar o día 22 de novembro de 2010, coa asistencia das ponentes e do ponente titulares: Sra. Díaz Pardo, Sr. Pose Mesura e Sra. Bouza Santiago, e nela rematouse o informe. Nesta reunión estudaron o texto do proxecto de lei, centrándose especificamente naquelas emendas pendentes, na procura de achegar as distintas posicións, propoñendo a súa aceptación ou transacción e deixando pendente o estudo definitivo sobre unha delas para Comisión. Nestes termos concluíuse o informe coas recomendacións definitivas desta Ponencia.

3

Elaboración do Informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia fórmalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. Por unanimidade, a aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:

- Unha emenda técnica xeral consistente en enumerar e/ou titular as disposicións que integran a parte final deste proxecto de lei.

- As emendas do G.P. Popular de Galicia núms. 2 e 6.

- As emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 12, 24, 27, 26, 29, 30 e 53.

- As emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 e 2 (transacción conxunta destas co artigo 3.c), 3 (transacción co artigo 6.2.d), 4 (transacción co artigo 7) e 9.

2. A aceptación das seguintes emendas por maioría:

2.1. Co posicionamento a favor da ponente do G.P. Popular de Galicia e en contra do ponente do G.P. dos Socialistas de Galicia e da ponente do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, as emendas do G.P. Popular de Galicia núms. 1, 3 e 4.

2.2. Co posicionamento a favor da ponente do G.P. Popular de Galicia e do ponente do G.P. dos Socialistas de Galicia e en contra da ponente do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, as emendas núm. 3 do G.P. dos Socialistas de Galicia e a emenda técnica no artigo 28, nos termos que constan no seu punto 2 bis.

3. Na derradeira reunión deixouse pendente para o seu estudo en Comisión a aceptación dunha posible transacción verbo da emenda núm. 5 do G.P. Popular de Galicia e o artigo 28.2.

4. Por último, respecto das restantes emendas, a Ponencia recoméndalle á Comisión o seu rexeitamento e, consecuentemente, o mantemento do texto do proxecto na súa redacción orixinal:

4.1. Co posicionamento a favor do ponente do G.P. dos Socialistas de Galicia e en contra das ponentes dos GG.PP. Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, o rexeitamento da emenda núm. 33 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

4.2. Co posicionamento a favor do ponente do G.P. dos Socialistas de Galicia e da ponente do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e en contra da ponente do G.P. Popular de Galicia, o rexeitamento das restantes emendas dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

4

Texto articulado do Proxecto de lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

Exposición de motivos.

1

As bebidas alcohólicas son substancias potencialmente aditivas que gozan dunha grande aceptación social e estatuto de legalidade no noso país. A Estratexia nacional sobre drogas 2009-2016 destaca que descendeu a proporción de consumidores de bebidas alcohólicas, aínda que aumentou a frecuencia de episodios de consumos intensivos. Así mesmo, recolle que o consumo abusivo de bebidas alcohólicas nos menores de idade se produce, fundamentalmente, en relación coas bebidas alcohólicas destiladas, cuxa concentración de alcohol é maior e que, ademais, se mesturan con bebidas carbónicas, o que reforza o seu efecto intoxicante.

O consumo abusivo de bebidas alcohólicas é unha causa directa e decisiva de risco para a saúde, que mantén relación directa con certas enfermidades neoplásicas, cardiovasculares, hepáticas, mentais e neurolóxicas. No ano 2007, en España, o alcohol estivo directamente relacionado co 35,7 % dos ingresos en urxencias causados por substancias psicoactivas (Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas-DGPNSD; Observatorio Español sobre Drogas-OED. Indicador de urxencias). Dentro da rexión europea da Organización Mundial da Saúde (OMS), o alcohol é responsable do 6,5 % de todas as mortes (11 % das mortes en homes) e do 11,6 % dos anos de vida perdidos axustados por calidade (17,3 % en homes). Na Unión Europea, é considerado o terceiro factor de risco de enfermidade e morte prematura, só superado polo tabaco e a hipertensión arterial (OMS-Oficina Rexional para Europa. Handbook for action to reduce alcohol-related harm. 2009).

Para moitos grupos, especialmente os comprendidos en idades máis novas, o lecer en xeral e, sinaladamente, o lecer nocturno prodúcese maioritariamente asociado ao consumo abusivo, entre outros, de bebidas alcohólicas. Pero, ademais, entre os que practican estes estilos de vida obsérvase unha baixa percepción do risco asociado. Cabe sinalar que son os adolescentes e os mozos menores de idade os que máis participan nos denominados “consumos recreativos”.

En Galicia as intoxicacións etílicas atendidas polos servizos de emerxencias aumentaron un 70 % desde o ano 2000. Da análise de 800 casos atendidos anualmente, máis do 25 % tiñan menos de 14 anos.

A Enquisa de consumo de bebidas alcohólicas en Galicia (2008) revela que a idade media de inicio de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade é de 14,1 anos, cunha tendencia de descenso. O 98 % dos menores de idade que consome bebidas alcohólicas de maneira abusiva faíno durante as fins de semana e máis da metade dos menores de idade galegos admite o consumo de bebidas alcohólicas nos últimos doce meses. O motivo máis habitual de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade deriva da influencia social.

Por outra parte, os recentes estudos sobre a materia conclúen que o coñecido como “botellón” e o lecer nocturno dos menores de idade é un fenómeno que provoca posicións encontradas entre os mozos, os adultos, os políticos e os membros das comunidades afectadas. En consecuencia, o botellón pasou de ser un fenómeno social a un problema social, como fonte de conflitos de orde diversa. Pero, ademais da colisión que supón contraponer os dereitos dos participantes nesta práctica e o dereito ao descanso dos veciños das zonas onde se practica, o problema máis perentorio e grave, desde o punto de vista da saúde pública, é o acceso a estas concentracións dun número crecente de menores de idade.

A fin de incrementar a percepción do risco, así como de promover a adopción de opcións persoais e grupais encamiñadas a diminuír os riscos e reducir os danos derivados dos consumos abusivos de alcohol no contexto recreativo, é fundamental que as administracións públicas promovan a implicación dos empresarios e outros axentes económicos relacionados co sector recreativo, así como a formación necesaria do persoal que traballa nese sector económico.

Por outra banda, unha sociedade adulta e libre ten que ser clara nas mensaxes que quere transmitir ás novas xeracións e, neste momento, é necesario o compromiso social de rexeitar actitudes permisivas cara ao abuso de bebidas alcohólicas tales como a publicidade que propicie o abuso do consumo destas.

Por iso parece oportuno rexeitar a publicidade expresa que se poida facer nos establecementos de hostalaría sobre as promocións que incitan ao consumo, como a publicidade expresa de barra libre ou publicidade expresa do tipo da coñecida como “hora feliz” (happy hour) ou “dúas por unha” nos establecementos onde está autorizada a venda de bebidas para adultos.

As últimas evidencias científicas poñen de manifesto que o cambio de condutas cara a conseguir hábitos saudables necesita de dous tipos de actuacións: accións educativas e intervencións regulamentarias. A modificación de condutas ou a incorporación de condutas saudables necesita de información e de educación adecuadas pero tamén de modificacións no contorno que reforcen a información transmitida. É moi difícil que alguén cambie de conduta se o seu contorno é absolutamente permisivo coa conduta que se intenta cambiar. O cambio da percepción social é fundamental para apoiar os cambios de conduta, e a publicidade ten un papel fundamental na percepción social.

Preténdese dar impulso a unha nova cultura social, baseada no respecto e na empatía cos demais, é dicir, en pensar nos outros. A lei busca un fortalecemento das relacións entre os diversos actores da sociedade galega, especialmente no que atinxe á protección dos menores de idade. Concíbese como un código de regulación mutua no que o cumprimento parta do convencemento de que é o mellor para todos. Trátase, nin máis nin menos, de construír sociedade.

Nesta nova concepción, as sancións son vistas como o último remedio, cando non funcionan outros mecanismos. A educación e os contornos deben favorecer que os cidadáns entendan o porqué da necesidade do seu cumprimento. Neste sentido, a lei pon especial énfase nas sancións pedagóxicas e nos instrumentos para a formación cidadá, co propósito de activar todos os mecanismos que promovan que non haxa necesidade de sancionar porque non se cumpren deberes cidadáns.

Nesta mesma liña, a inclusión dos traballos en beneficio da comunidade no novo sistema de sancións constitúe unha das principais innovacións na presente norma. As persoas que cometan determinadas infraccións poderán substituír o pagamento da multa por traballos para a comunidade, é dicir, polo exercicio de actividades de cooperación persoal non retribuída en actividades de utilidade pública, interese social e valor educativo, como a axuda na limpeza de rúas ou a reparación do mobiliario urbano.

No ámbito internacional existen instrumentos subscritos polo Estado español e normativa comunitaria neste ámbito. Cómpre mencionar a Carta europea sobre alcohol, adoptada polos estados membros en 1995, que establece os principios

éticos e as metas para promover e protexer a saúde e o benestar da poboación, entre eles o de protexer os menores e os mozos das presións para que beban, e reducir o dano que directa ou indirectamente lles produce o alcohol. No marco da Comunidade Europea cabe salientarse, entre outras, as recomendacións do Consello do 5 de xuño de 2001, sobre o consumo de alcohol por parte dos mozos e, en particular, dos nenos e adolescencia, ou a Resolución do Consello e dos representantes dos estados membros sobre prevención do uso de drogas, do 25 de abril de 2002, así como a Estratexia 2005-2012 aprobada pola Comisión Europea, que sinala que as actuacións fronte a substancias de acceso legal deben poñer a énfase na normativa sobre publicidade, venda e consumo, facendo especial referencia ás idades e lugares onde se poidan vender os ditos produtos e onde sexa legal o seu consumo.

A Constitución española establece no seu artigo 43.2 que corresponde “aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. No tocante a iso a lei establecerá os dereitos e deberes de todos”. Ademais, o artigo 51.1 di que “os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguranza, a saúde e mais os lexítimos intereses económicos deles”. Por maior abastanza, o artigo 39.4 establece que “os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos”.

2

Esta lei ten como principal obxectivo facer efectivo, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, conforme o cal “corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior”.

Así, a Comunidade Autónoma de Galicia tiña regulado na Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia. Non obstante, considérase que a abordaxe do consumo abusivo se axusta máis ao obxectivo de saúde da prevención do alcoholismo en menores de idade.

No marco da competencia que se lle atribúe, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 34, como intervencións públicas que poderán ser exercidas polas autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias para a saúde, a de “establecer prohibicións e requisitos mínimos para o uso e tráfico de bens e produtos cando supoñan un prexuízo ou ameaza para a saúde”, e no artigo 34, referente ás intervencións públicas sobre actividades, centros e bens, establece no punto 7 “controlar a publicidade e propaganda de produtos e actividades que poidan ter incidencia sobre a saúde, co fin de axustala a criterios de veracidade e evitar o que poida constituír un prexuízo para esta”.

Ademais, a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, determina como dereito básico a protección contra os riscos que poidan afectar a súa saúde ou seguranza, especificando que os dereitos dos consumidores e usuarios serán protexidos prioritariamente cando garden relación directa cos produtos de consumo común. O artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia establece como competencias básicas o “comercio interior, defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia”.

Cómpre sinalar tamén que o artigo 27.22 do Estatuto de autonomía establece que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva no referente á adecuada utilización do lecer. Neste marco, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, transfíre a competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, sen prexuízo da competencia estatal sobre seguranza pública. Mediante o Real decreto 336/1996 traspásanse as funcións e polo Decreto 336/1996 a Comunidade Autónoma asume as funcións e servizos transferidos.

Así mesmo, o artigo 27.31 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos conforme os ordinais 1.º, 6.º e 8.º do número 1 do artigo 149 da Constitución.

Cómpre sinalar tamén a competencia autonómica en materia de réxime local, de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto

de autonomía, que establece como competencia exclusiva as funcións que sobre o réxime local correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18 da Constitución e o seu desenvolvemento.

Por outra parte, o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que os municipios exercerán, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Aínda que as competencias na abordaxe das condutas aditivas están maioritariamente situadas no ámbito político, administrativo e territorial das comunidades autónomas, as administracións locais teñen tamén conferido un importante papel, fundamentalmente na área da prevención. Para reforzar estas actuacións, inclúese na lei a posibilidade de que utilicen instrumentos de verificación do cumprimento normativo, así como de corrección das desviacións, dando competencias sancionadoras.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, precisa que, por razóns de orde pública, os concellos poderán acordar, de maneira singularizada, impoñer aos establecementos comerciais que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas a prohibición de expenderen este tipo de bebidas desde as 22.00 horas ata as 9.00 horas do día seguinte. Esta lei supuxo un importante avance respecto da situación precedente, ao dar aos concellos unha importante ferramenta para afrontar esta problemática social. Non obstante, desde un punto de vista de protección da saúde faise necesario completar esta lexislación á vista dos novos problemas de consumo existentes na poboación xuvenil.

3

Á vista de todo o exposto, é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e resulta necesaria unha nova lei que poida dar respostas desde as administracións e a sociedade no seu conxunto aos novos retos que se presentan no consumo abusivo e indebido de bebidas alcohólicas.

Este texto legal consta de 39 artigos, distribuídos nun título preliminar e tres títulos, ademais dunha disposición adicio-

nal, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras.

O título preliminar contén disposicións xerais relativas ao obxecto e ámbito da norma, as definicións legais e os seus principios reitores.

O título I dedícase á prevención do consumo de alcohol a menores de idade. Contén no seu capítulo I as medidas de prevención e o seu concepto, as orientadas á diminución da demanda, os ámbitos prioritarios de prevención, a prevención nos ámbitos escolar, familiar, comunitario e sanitario. O capítulo II trata sobre as limitacións da oferta de bebidas alcohólicas aos menores de idade, relativas tanto ao consumo, venda e subministración coma á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas, ou ao acceso dos menores de idade aos locais en que se consome alcohol.

O título II refírese aos instrumentos de intervención para garantir as actuacións en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Este título divídese en tres capítulos. O capítulo I versa sobre información e control e contén as previsións en materia de sistema de información e sobre inspección. O capítulo II refírese ao financiamento e o capítulo III (dividido en dúas seccións) contén o réxime de infraccións e sancións.

O título III contén as previsións relativas á planificación, así como a coordinación e participación social, que inclúen aspectos como a determinación dos distintos niveis competenciais ou o papel das organizacións non gobernamentais e entidades sociais na materia que nos ocupa.

Rematan o texto unha disposición adicional, que habilita para a actualización periódica das contías das sancións; unha disposición transitoria, para a adaptación dos contratos en materia de publicidade e patrocinio asinados antes da entrada en vigor desta lei; unha disposición derogatoria, que afecta as disposicións de igual ou inferior rango contrarias ao disposto nesta lei, e catro disposicións derradeiras, sobre o desenvolvemento e entrada en vigor.

Esta lei promulgarase baixo o máis estrito respecto á autonomía municipal e ao actual marco normativo que habilita os concellos para regularen, mediante as oportunas ordenan-

zas, a protección do ambiente, a prohibición de venda de alcohol fóra dos establecementos que teñan licenza para iso, a limpeza nos lugares públicos ou o control dos límites de emisión de rúidos.

Esta lei foi sometida ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social.

Título preliminar Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto regular, no marco das competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, as actuacións e iniciativas no campo da prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, en especial as encamiñadas a:

- a) Definir as características que deberán ter as estratexias de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, de educación sanitaria e de concienciación, social e das familias, do grave problema xerado polo consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- b) Limitar o acceso dos menores de idade ás bebidas alcohólicas.
- c) Exercer o control administrativo desta restrición ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade, que aborde tanto a venda e a subministración coma o propio consumo por menores de idade, en vías públicas ou establecementos.
- d) Establecer limitacións a determinadas prácticas de publicidade, promoción e patrocinio do consumo abusivo de bebidas alcohólicas.
- e) Establecer o réxime sancionador.
- f) Establecer o sistema de información sobre resultados da aplicación da norma.
- g) Establecer limitacións horarias á venda nocturna de bebidas alcohólicas.

h) Establecer medidas de control da administración en espazos de dominio público.

Artigo 2. Ámbito territorial

As disposicións contidas nesta lei serán aplicables ás diferentes actuacións, tanto individuais coma colectivas, de titularidade pública ou privada, que se realicen dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) Para os efectos desta lei, en consonancia co artigo 12 da Constitución, enténdese por menor de idade o menor de 18 anos.

b) Abuso: consiste nun patrón de desadaptación do consumo de substancias manifestado por consecuencias adversas significativas e recorrentes relacionadas con ese consumo. Pode implicar intoxicacións ou provocar situacións que impliquen para a persoa risco físico, psíquico ou social.

c) Bebidas fermentadas: son aquelas bebidas naturais elaboradas exclusivamente a partir da fermentación de alimentos como a uva, os cereais, os froitos carnosos ou as bagas. Son características deste grupo o viño, a cervexa e a sidra, oscilando a súa graduación alcohólica entre 1,2º e 14º.

c bis) Bebidas alcohólicas espirituosas ou destiladas: son todas aquelas bebidas obtidas por destilación de produtos fermentados, por maceración en alcohol etílico ou por adición de aromas, azucres ou outros produtos edulcorantes ao alcohol etílico ou destilados, ou as mesturas delas entre si ou con outras bebidas, para obter maiores concentracións de alcohol, superando os 15º.

d) Centro docente: para os efectos de aplicación desta lei, entenderase por tal o centro educativo que imparta educación primaria e secundaria e outras ensinanzas de nivel equivalente para menores de idade.

e) Centro destinado a menores de idade: centros onde se realicen actividades cuxos principais espectadores, asistentes

ou usuarios sexan menores de idade. Quedan comprendidos os centros de actividades recreativas destinadas aos menores de idade previstos no punto 2.2 do anexo do Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os que teñan sesións para menores de idade.

f) Entenderanse por establecementos destinados a actividades de lecer e entretemento, salas de festas, de baile e discotecas, as definidas no punto 2.6 do anexo do Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Espazo de dominio público: conxunto de bens e dereitos de titularidade pública, non posuídos de forma privativa, destinados ao uso público, como as prazas e camiños públicos.

h) Horario nocturno: de acordo coa Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, ou norma que a modifique ou substitúa, entenderase por horario nocturno o comprendido entre as 22 horas e as 9 horas do día seguinte.

i) Patrocinio: calquera tipo de contribución, pública ou privada, a un acontecemento, unha actividade ou un individuo cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto sexa a promoción do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade.

j) Prevención: conxunto de actuacións dirixidas a eliminar, reducir ou modificar os factores de risco de aparición dos trastornos aditivos ou a potenciar os factores de protección coa finalidade de evitar que se produzan estes trastornos.

k) Publicidade: toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover de forma directa ou indirecta a contratación de bens mobles ou inmobles, servizos, dereitos e obrigas.

l) Publicidade directa: aquela que, calquera que sexa o medio en que se difunda, promova o consumo ou convide ou induza de maneira inequívoca a el.

m) Publicidade encuberta: a presentación dos bens, servizos, nome, marca ou actividades dun produtor de mercadorías ou un prestador de servizos en programas en que tal presentación teña, de maneira intencionada, propósito publicitario e poida inducir ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade. Unha presentación considerárase intencionada, en particular, cando se faga a cambio dunha remuneración ou dun pagamento similar.

Malia o anterior, non se entenderá publicidade encuberta aquela presentación que revele ao público o feito do patrocinio, non afecte a responsabilidade e independencia editorial do prestador de servizos de medios e non anime directamente á compra ou arrendamento dos bens e servizos obxecto de presentación.

n) Publicidade indirecta: aquela que, sen mencionar directamente os produtos, utilice marcas, símbolos, grafismos ou outros trazos distintivos de tales produtos ou de empresas que, nas súas actividades principais ou coñecidas, inclúan a súa produción ou comercialización.

ñ) Promoción: todo estímulo da demanda de produtos, como anuncios, publicidade e actos especiais, entre outros, destinados a atraer a atención e suscitar o interese dos consumidores.

o) Promoción do consumo abusivo: estímulo da demanda, susceptible de xerar un consumo incontrolado de bebidas alcohólicas a un nivel que pode interferir coa saúde física ou mental do individuo e coas súas responsabilidades sociais, familiares ou ocupacionais.

p) Publicidade subliminar: a que mediante técnicas de produción de estímulos de intensidade fronteiriza cos limiares dos sentidos ou análogas poida actuar sobre o público destinatario sen ser conscientemente percibida.

q) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas: os incluídos no Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

r) Subministración: abastecemento de produtos ou substancias previstos nesta lei, xa sexa a título oneroso ou gratuíto.

s) Traballo de proximidade: actividades orientadas cara á comunidade e emprendidas para tomar contacto con individuos ou subpoboacións de especial risco, ás cales normalmente non chegan as canles tradicionais de fomento de estilos de vida saudables.

t) Venda: toda transmisión onerosa na cal o comprador ou compradora adquira produtos previstos nesta lei, incluídas as realizadas coas novas tecnoloxías e por medio de máquinas automáticas.

u) Traballos ou actividades en beneficio da comunidade: prestación da cooperación persoal non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública con interese social e valor educativo tendentes a servir de reparación para a comunidade prexudicada pola previa comisión dunha conduta contraria ás normas vixentes e non supeditada ao logro de intereses económicos ou recompensas inmediatas.

Artigo 4. Principios reitores da lei

Esta lei ten como principios reitores os seguintes:

a) A participación activa da comunidade, moi especialmente organizacións xuvenís, e dos sectores afectados na planificación e execución das actuacións en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

b) A integración e coordinación das actuacións en materia de prevención de todas as administracións públicas galegas.

c) A promoción activa de hábitos de vida saudables e dunha cultura de saúde que inclúa o rexeitamento do consumo por parte de menores de idade, así como a modificación de actitudes e comportamentos da sociedade respecto da problemática vinculada a estes comportamentos.

d) As diferentes intervencións planificadas deberán estar baseadas na evidencia científica dispoñible.

e) A consideración prioritaria das políticas e as actuacións preventivas en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

f) O principio de corresponsabilidade social debe impregnar a coordinación das actuacións sobre a problemática asociada ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade.

g) As actuacións sanitarias en materias obxecto desta lei responderán aos principios reitores que, para todo o sistema público de saúde de Galicia, se enuncian no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Título I

Prevenición do consumo de alcohol en menores de idade

Capítulo I

Medidas de prevención

Artigo 5. Concepto de medidas de prevención

a) A prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade terá como obxectivo principal evitar os casos de trastornos aditivos e de consumos indebidos e abusivos, atrasando as idades de inicio de consumo.

b) A prevención terá por obxectivos específicos a redución da demanda e a regulación da dispoñibilidade.

c) A prevención combinará o seu carácter educativo, orientado á diminución da demanda a través da modificación de actitudes e hábitos, coa protección da saúde orientada á diminución da oferta, a través da modificación de contornos que faciliten a adopción deses hábitos saudables, e ao establecemento de limitacións a certas actividades que poden favorecer o inicio dos consumos.

d) As medidas de prevención consistirán na aplicación de estratexias globais e equilibradas de intervención sobre os factores de risco e de protección, tanto psicolóxicos e condutuais coma familiares, sociais e ambientais que inciden na aparición de consumos abusivos e indebidos, de tal xeito que se aumente a percepción de risco na poboación respecto do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

e) As medidas de prevención faranse de forma coordinada, tanto a nivel autonómico coma local, nacional, comunitario europeo e internacional, e terán un carácter estable e avaliable.

Artigo 6. Medidas de prevención orientadas á diminución da demanda

1. As medidas de prevención para a diminución da demanda son aquelas actuacións que teñen por obxectivo a modificación da conduta cara ao consumo mediante a educación, asesoramento, consello, información ou outras metodoloxías.

2. As administracións públicas e entidades que planifiquen, deseñen e executen medidas de prevención para a diminución da demanda deberán ter presente:

a) As actuacións en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia, con ou sen a colaboración de entidades e institucións privadas, enmarcaranse nun ámbito xeral de promoción da saúde e calidade de vida, prestando especial atención ás situacións de vulnerabilidade.

b) O ámbito prioritario da prevención será poboacional, mediante actuacións programáticas que incidan principalmente sobre os determinantes asociados á aparición do consumo abusivo de bebidas alcohólicas.

c) Os programas preventivos deberán ser específicos para a idade dos destinatarios, apropiados ao seu desenvolvemento e sensibles coas diferentes culturas.

d) As actuacións prioritarias destes programas consistirán en ofrecer información e asesoramento e fundamentalmente elaborar e implementar estratexias educativas en prevención de condutas de risco por menores, nomeadamente de condutas de consumo de alcohol, contando con todas as instancias implicadas.

e) Fomentarse o apoio á constitución de redes de proximidade coa adecuada metodoloxía de traballo para favorecer que a educación para a saúde se difunda en canles que, habitualmente, son difíciles de abordar.

f) Desenvolveranse protocolos de avaliación adecuados para determinar a adecuación das medidas aos fins para os que estean deseñadas, contando coa participación social de todos os axentes implicados.

g) Promoverase a adopción e aplicación de criterios de calidade, segundo estándares internacionais que serán establecidos e definidos polo departamento da Xunta competente en materia de sanidade.

h) Fomentarase a colaboración e o intercambio de información, a nivel nacional e internacional, que facilite a implantación de accións preventivas.

i) Os programas de prevención deberán incorporar entre os seus obxectivos o incremento da percepción dos riscos asociados ao consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

i bis) Ampliarase e mellorarase a formación continuada dos servizos e equipos de prevención.

3. Deberanse realizar as análises de situación, utilizando a información científica dispoñible, para seleccionar as medidas preventivas de intervención máis axeitadas.

Artigo 7. Ámbitos prioritarios de prevención

Os ámbitos prioritarios de prevención para a diminución da demanda son:

- a) Ámbito escolar.
- b) Ámbito familiar.
- c) Ámbito comunitario.
- d) Ámbito sanitario.

As medidas que se establezan nos plans de actuación que as administracións promovan para a modificación de condutas de risco de consumo de alcohol deberán ser transversais e ter en consideración os catro ámbitos.

Artigo 8. A prevención no ámbito escolar

Os programas, actuacións ou medidas de prevención neste ámbito deberán ter en conta os seguintes criterios:

1. Promover a implicación do conxunto da comunidade escolar.

2. Integrar a educación para a saúde como parte do proxecto educativo dos centros, concibíndoa dun xeito transversal e complementándoa con intervencións intensivas sobre grupos especialmente vulnerables.

3. Conter actuacións continuadas no tempo e estables, adaptándose a cada nivel educativo.

4. Conter mecanismos de coordinación e integración das accións das distintas administracións e organizacións implicadas, co obxectivo de desenvolver materiais de apoio para o profesorado e o alumnado, cun alto nivel de calidade.

5. Recoller o desenvolvemento de programas específicos de formación continuada do profesorado nesta materia, técnicas de detección e programas preventivos específicos para alumnado de especial vulnerabilidade, e programas de adestramento en habilidades persoais, sociais e de resistencia á influencia negativa exercida polo grupo de iguais.

5 bis) Os centros docentes incluírán nos seus plans actividades complementarias para o fomento de hábitos de vida saudables e de disuasión do consumo de alcohol.

Artigo 9. A prevención no ámbito familiar

Os programas, actuacións ou medidas de prevención neste ámbito deberán ter en conta os seguintes criterios:

1. Fomentar a participación das familias, dada a súa importancia como axentes de saúde.

2. Potenciar as habilidades educativas e de comunicación no seo familiar, aumentando a súa capacidade para prever o consumo e resolver os problemas derivados, así como para a mellora da cohesión e o apego familiar, velando especialmente polo mantemento de actitudes correctas.

3. Dar prioridade ao traballo preventivo coas familias multi-problemáticas e coas dos menores de idade considerados de especial vulnerabilidade.

4. Conter mecanismos de coordinación entre os ámbitos educativo, de servizos sociais, de menores de idade e sanitario.

Artigo 10. A prevención no ámbito comunitario

Os programas, actuacións ou medidas de prevención neste ámbito deberán ter en conta os seguintes criterios:

1. Procurar o reforzo das mensaxes e normas da comunidade en contra do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade e en prol da saúde.
2. Fomentar o traballo de proximidade e o establecemento de redes de cooperación entre os organismos que o realicen con outros contextos onde haxa programas de prevención de trastornos aditivos.
3. Promover a capacitación de mediadores sociais.
4. Incluír o desenvolvemento de campañas de información e sensibilización social como reforzo doutras accións e iniciativas en relación cos medios de comunicación social.
5. Fomentar a implicación dos concellos e o seu papel nas accións de ámbito comunitario.
6. Potenciar entre as diferentes administracións públicas unha política global de alternativas ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade actuando nos ámbitos cultural, deportivo e social e impulsando servizos socioculturais, actividades de lecer e tempo libre e promoción do deporte.

Para iso, estableceranse canles de diálogo e participación coa comunidade destinataria e cos restantes axentes implicados, co fin de determinar as actuacións que se van desenvolver e construír unha cultura de lecer alternativa adaptada á demanda e necesidades reais.

7. Establecer accións para combater actitudes favorables ou tolerantes cara ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade.
8. Conter estratexias preventivas de redución de risco dentro dos programas de lecer saudable ou alternativo.
9. Estimular accións en relación cos medios de comunicación social.
10. Promover o asociacionismo.

Artigo 11. A prevención no ámbito sanitario

Os programas, actuacións ou medidas de prevención neste ámbito deberán ter en conta os seguintes criterios:

1. Implicar os profesionais sanitarios, principalmente en atención primaria, dada a súa importancia como axentes de saúde.
2. Elaborar protocolos que permitan o diagnóstico precoz de consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade e establecer o desenvolvemento de materiais preventivos de apoio aos profesionais.
3. Potenciar os programas de formación continuada específicos nesta materia para os profesionais de atención primaria da saúde.
4. Elaborar un protocolo de coordinación de asistencia sanitaria para a atención a menores de idade por intoxicación etílica na procura de prever posibles trastornos aditivos.

Capítulo II

Limitacións da oferta de bebidas alcohólicas aos menores de idade

Artigo 12. Limitacións ao consumo, venda e subministración

1. Queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade.
2. Queda expresamente prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas a menores de idade.
3. Queda expresamente prohibida a venda, subministración ou consumo de bebidas alcohólicas nos centros docentes para menores de idade, nos recintos e espazos destinados á realización e seguimento de actividades deportivas, no momento en que os deportistas ou practicantes sexan maioritariamente menores de idade, e nos centros destinados a menores de idade.
4. Queda expresamente prohibida a venda e subministración a menores de idade de calquera produto que imite os envases de bebidas alcohólicas.

Artigo 13. Venda e subministración a través de máquinas expendedoras

1. As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas deberán incorporar os mecanismos técnicos adecuados que permitan impedir o acceso a elas das persoas non autorizadas ao consumo.

2. As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas só se poderán situar no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido o seu consumo, nun lugar que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.

3. As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmovible pero non constitúen propiamente o interior deste.

Artigo 14. Información sobre as limitacións

1. En todos os establecementos en que se vendan ou subministren, de calquera modo, bebidas alcohólicas, informárase das prohibicións especificadas nos números 1 e 2 do artigo 12. A devandita información realizarase mediante anuncios ou carteis de carácter permanente, fixados de xeito visible, en galego e castelán. As características destas sinalizacións serán fixadas regulamentariamente.

2. Os responsables de calquera establecemento dos recollidos no número anterior adoptarán as medidas necesarias de control para evitar a venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, que deberán coñecer todos os traballadores, preferentemente por escrito.

3. Na superficie frontal das máquinas figurará, de forma clara e visible, en galego e castelán, unha advertencia sobre a prohibición do seu uso para os menores de idade. As características da dita sinalización serán fixadas regulamentariamente.

Artigo 15. Limitacións da publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas

1. Queda prohibida calquera campaña, sexa como actividade publicitaria ou non, dirixida a menores de idade e a que induza, directa ou indirectamente, ao consumo de bebidas alcohólicas por estes.

2. Queda prohibida a utilización de imaxes ou voces de menores de idade nos soportes publicitarios, de promoción e de patrocinio de bebidas alcohólicas.

3. Queda prohibido o uso de argumentos, estilos, tipografías ou deseños asociados aos menores de idade nos soportes publicitarios, de promoción e de patrocinio de bebidas alcohólicas.

4. Queda prohibida na publicidade, na promoción e no patrocinio a asociación do consumo de bebidas alcohólicas con calquera mellora do rendemento físico ou psíquico ou melloras do rendemento deportivo, coa condución de vehículos ou manexo de armas, co potencial éxito persoal ou social ou coa mellora na resolución de conflitos. Tampouco poderá asociarse este consumo a prácticas educativas e sanitarias ou á mellora do rendemento deportivo.

5. Queda prohibida toda clase de publicidade directa, indirecta ou subliminar de bebidas alcohólicas:

a) Nos centros docentes para menores de idade.

b) Nos centros destinados para menores de idade.

c) En todos aqueles centros a que teñan acceso maioritariamente os menores de idade.

d) Nos recintos ou locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas durante as actividades en que o acceso ou participación sexa maioritariamente de menores de idade.

e) Nas publicacións de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso ou formato dixital editados en Galicia cando sexan dirixidos a menores de idade.

f) Nas cubertas exteriores, na portada e na contraportada de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso ou formato dixital editados en Galicia. Tamén nas portadas e contraportadas, seccións de pasatempos de revistas, folletos ou calquera outro impreso ou formato dixital editados en Gali-

cia. Queda exceptuada esta prohibición nas publicacións especializadas ou dirixidas a profesionais.

6. A Administración autonómica promoverá a formalización de acordos de autocontrol e autolimitación da publicidade de bebidas alcohólicas no ámbito das empresas, produtores ou as súas asociacións, distribuidoras dos ditos produtos, así como cos anunciantes, axencias e medios de publicidade que operen no seu territorio, co fin de lograr os obxectivos desta lei.

7. Nas actividades de promoción e/ou patrocinio non se poderán ofrecer bebidas alcohólicas a menores de idade. Prohíbese igualmente a entrega a menores de idade de bens ou servizos relacionados exclusivamente con bebidas alcohólicas ou hábitos do seu consumo, e aqueles que leven marcas, símbolos ou distintivos que poidan identificar unha bebida alcohólica.

8. Non está permitida a promoción de bebidas alcohólicas mediante a distribución de información por repartición nas caixas do correo, correo, teléfono ou correo electrónico no ámbito da Comunidade Autónoma dirixida especificamente a menores de idade.

9. Queda prohibido o acceso e as visitas de menores de idade aos centros de produción de bebidas alcohólicas, feiras, certames, exposicións, mostras e actividades similares, de promoción de bebidas alcohólicas, agás que estean acompañados de maiores con responsabilidade sobre eles.

10. Non se poderá realizar promoción de bebidas alcohólicas dirixidas especificamente a menores de idade.

11. Queda prohibido calquera tipo de patrocinio ou financiamento de programas, espazos, páxinas ou servizos cos distintivos de bebidas alcohólicas en actividades –deportivas, educativas, recreativas ou espectáculos públicos– dirixidas ou nas cales participen maioritariamente menores de idade.

12. Queda prohibido calquera tipo de promoción que poida inducir ao consumo abusivo de bebidas alcohólicas, especialmente as que poidan inducir a el por rebaixa dos seus prezos no interior dos establecementos onde estea autorizada a súa venda para o consumo no propio local.

13. Queda prohibida a venda de alcohol entre as 22.00 e as 9.00 horas do día seguinte.

Quedan excluídas da prohibición anterior a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda electrónica, a venda para a distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.

Artigo 16. Limitacións ao acceso de menores de idade a locais

1. Con carácter xeral, queda prohibida a entrada dos menores de idade en salas de festas, de baile ou discotecas, salvo que estean acompañados de maiores de idade con responsabilidade sobre eles.

2. Excepcionalmente, estes locais poderán dispoñer de sesións especiais para maiores de 14 anos, con horarios e sinalización diferenciadas, sen que poida ter continuidade ininterrompida con aquelas sesións en que se produza a venda de bebidas alcohólicas, retirándose dos locais, durante estas sesións especiais, a exhibición e publicidade deste tipo de bebidas.

Título II

Instrumentos de intervención para garantir as actuacións en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade

Capítulo I

Información e control

Artigo 17. Sistema de información

1. O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de sanidade establecerá un sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas en menores. Este sistema deberá obter, procesar, analizar e difundir información sobre os factores de risco e protectores, sobre a incidencia e prevalencia destes comportamentos, sobre as actuacións en materia de prevención e sobre os centros e programas.

2. A Xunta de Galicia desenvolverá regulamentariamente o sistema de información sobre consumo de bebidas alcohólicas

en menores de idade de Galicia, que deberá estar integrado no sistema de información de saúde de Galicia definido no artigo 71 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

3. O sistema de información sobre consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade procurará ter en conta as recomendacións de organismos internacionais.

4. O sistema de información tamén deberá definir e recoller a información que permita coñecer e estudar os progresos e avances na consecución dos obxectivos marcados.

5. O sistema terá presente toda a regulación que garante o dereito á confidencialidade dos datos que se manexen.

6. O sistema contará cun mecanismo de avaliación continuada que permita a detección precoz das desviacións e xere accións correctoras que garantan a eficacia final das medidas e permitan a súa adecuación a novas necesidades ou diferentes escenarios de intervención que poidan xurdir.

7. O sistema deberá facilitar información ás partes interesadas que permita orientar e mellorar as súas actuacións.

8. A xestión do sistema de información sobre consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade estará asignado á unidade do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de sanidade que exerza as competencias de saúde pública.

Artigo 18. Inspección

1. No eido das súas respectivas competencias, as administracións públicas exercerán funcións de inspección e control do cumprimento das actuacións definidas nesta lei.

2. O exercicio das funcións inspectoras en materia sanitaria realizarase nos termos previstos na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, e na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

3. Os feitos constatados polos funcionarios ou persoal ao servizo das administracións públicas que actúen no exercicio das funcións de inspección no marco desta lei serán formalizados en documento público, que gozará da presunción de veracidade.

4. Os funcionarios ou persoal ao servizo das administracións públicas que actúen no exercicio das funcións de inspección no marco desta lei, e acreditando a súa identidade, estarán autorizados para:

a) Entrar libremente e sen previa notificación, en calquera momento, en calquera centro, servizo ou establecemento suxeito a esta lei.

b) Proceder ás probas, investigacións ou exames necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se ditén para o seu desenvolvemento.

c) Realizar as probas regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica dos menores de idade que estean a consumir en lugares públicos.

d) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento das funcións de inspección que exerzan.

5. Nos supostos recollidos nos puntos anteriores poderanse acordar as medidas provisionais habilitadas legalmente sobre as bebidas, os envases ou os demais elementos obxecto da prohibición, así como outros materiais ou medios empregados. As bebidas intervidas poderán ser destruídas por razóns hixiénico-sanitarias.

6. As administracións públicas promoverán acordos de colaboración para optimizar o uso de recursos públicos e asegurar a coherencia das actuacións.

Capítulo II Financiamento

Artigo 19. Financiamento

Os ingresos que se produzan pola imposición de sancións tipificadas nesta lei poderán quedar afectos e xerarán un crédito pola mesma contía nas dotacións orzamentarias específicas destinadas á prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade e ao financiamento de programas municipais de lecer para a xuventude.

Capítulo III Réxime sancionador

Sección 1.^a.
Das infraccións

Artigo 20. Disposicións xerais

1. Constitúe infracción administrativa toda acción ou omisión tipificada nos artigos 22 e seguintes desta lei.

2. No suposto de que, unha vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas tendentes a individualizar ao infractor ou infractores, non sexa posible determinar o grao de participación dos diversos suxeitos que interviñesen na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 21. Clasificación das infraccións

As infraccións administrativas do establecido na presente lei cualifícanse como leves, graves ou moi graves.

Artigo 22. Infraccións leves

Constitúen infraccións leves:

1. O consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade, sempre e cando se produza por primeira vez.
2. A venda e subministración a menores de idade de calquera produto que imite os envases de bebidas alcohólicas, sempre e cando se produza por primeira vez.
3. O incumprimento das estipulacións de información sobre as limitacións recollidas no artigo 14, sempre e cando se produza por primeira vez.
4. O incumprimento da prohibición do acceso e as visitas de menores de idade recollida no número 4 do artigo 15, sempre e cando se produza por primeira vez.
5. A obstrución do labor inspector mediante calquera acción ou omisión que o perturbe ou atrase.
6. Todas aquelas que se cometan por simple negligencia e non comporten un prexuízo directo para a saúde individual ou colectiva.

7. O mero atraso no cumprimento das obrigas de información, comunicación ou comparecencia por requirimento da autoridade competente.

8. Calquera outro incumprimento das disposicións desta lei que non se tipifique como infracción grave ou moi grave.

Artigo 23. Infraccións graves

Constitúen infraccións graves:

1. O incumprimento das limitacións ao consumo, venda e subministración recollidas nos números 2 e 3 do artigo 12 desta lei.
2. O incumprimento do previsto no artigo 13 desta lei, referente á venda e subministración a través de máquinas expendedoras.
3. O incumprimento das prohibicións e limitacións contidas no artigo 15 desta lei, referente á limitación da publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas.
4. O incumprimento do previsto no artigo 16 desta lei, referente á limitación de acceso de menores de idade a locais.
5. O incumprimento dos requirimentos específicos e das medidas preventivas ou definitivas que formulen as autoridades, sempre que se produzan por primeira vez e non conorra dano grave para a saúde das persoas.
6. A negativa a subministrar datos, facilitar información ou prestar colaboración ás autoridades ou aos seus axentes no desenvolvemento dos labores de inspección ou control.
7. As accións ou omisións que perturben, obstrúan ou impidan de xeito grave o desempeño da actividade inspectora e de control da administración, así como as ofensas graves ás autoridades e axentes encargados daquela.
8. O incumprimento, por negligencia grave, dos requisitos, das condicións, das obrigas ou das prohibicións establecidas na vixente lexislación en materia sanitaria, así como calquera outro comportamento que supoña imprudencia grave, sempre que ocasionen alteración ou risco sanitario, aínda

que sexan de escasa entidade; e o mesmo incumprimento e comportamento cando, cometidos por simple negligencia, produzan risco ou alteración sanitaria grave. Para os efectos deste punto, constituirá un suposto de negligencia a omisión do deber de control ou a falta dos controis ou das precaucións esixibles na actividade, no servizo ou na instalación de que se trate.

9. A comisión por negligencia das condutas tipificadas como infracción moi grave cando o risco ou a alteración sanitaria producida sexan de escasa entidade.

10. A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos tres meses.

11. As actuacións tipificadas nos artigos precedentes que, consonte o grao de concorrencia cos elementos a que se refire o artigo 26, merezan a cualificación de faltas graves ou non proceda a súa cualificación como faltas leves ou moi graves.

12. As faltas leves que sexan concorrentes con outras infraccións sanitarias leves ou poidan servir para facilitalas ou encubrilas.

Artigo 24. Infraccións moi graves

Constitúen infraccións moi graves:

1. O incumprimento das medidas preventivas ou definitivas que adopten as autoridades sanitarias competentes cando se produzan de xeito reiterado ou cando concorran danos graves para a saúde das persoas.

2. A resistencia, a coacción, a ameaza ou represalia, o desacato ou calquera forma de presión exercida sobre as autoridades sanitarias ou os seus axentes no exercicio da súa actividade.

3. O incumprimento consciente e deliberado dos requisitos, das obrigas ou das prohibicións establecidas na normativa sanitaria, ou calquera comportamento doloso, sempre que ocasionen alteración, danos ou risco sanitario grave.

4. A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos cinco anos.

5. As actuacións tipificadas nos artigos precedentes que, consonte o grao de concorrencia dos elementos a que se refire o artigo 24, merezan a cualificación de faltas moi graves ou non proceda a súa cualificación como faltas leves ou graves.

6. As faltas graves que sexan concorrentes con outras infraccións sanitarias graves ou que servisen para facilitar ou encubrir a súa comisión.

7. O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos que formulen as autoridades sanitarias.

8. A negativa absoluta a facilitar información ou prestar colaboración aos servizos de inspección e control.

Artigo 25. Responsables

1. Das diferentes infraccións será responsable a persoa física ou xurídica que cometa os feitos tipificados como tales.

2. Tamén serán responsables das infraccións aquelas persoas que, aproveitando a súa condición de maioría de idade, adquiran e posteriormente subministren o alcohol a menores.

3. Así mesmo, e en función das distintas infraccións, tamén serán responsables delas os titulares das entidades, centros, locais ou establecementos en que se cometa a infracción ou, na súa ausencia, os empregados que estean ao seu cargo; o fabricante, cando se leve a cabo pola súa iniciativa, o importador, o distribuidor e o explotador da máquina expendedora; o beneficiario da publicidade ou da promoción, entendendo por tal tanto o titular da marca ou produto anunciado coma o titular do establecemento ou espazo en que se exhiba a publicidade, así como, se é o caso, a empresa publicitaria e o patrocinador.

4. Cando a responsabilidade dos feitos cometidos corresponda a menores de idade, responderán subsidiariamente os seus pais e nais, titores e titoras e gardadores e gardadoras legais ou de feito, por esta orde, en razón do incumprimento da obriga imposta a eles de prever a comisión de infraccións administrativas que se imputen aos menores de idade. A responsabilidade subsidiaria virá referida a sufragar a contía pecuniaria da multa imposta.

5. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou titores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Sección 2ª.
Das sancións

Artigo 26. Criterios para a gradación das sancións

1. Para a determinación da contía das sancións previstas nesta lei terase en consideración o principio de proporcionalidade e, en todo caso, os seguintes criterios de gradación:

- a) A transcendencia da infracción.
- b) A existencia de intencionalidade.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia e a reiteración.
- e) A idade dos responsables.
- f) O volume de negocio e os beneficios obtidos pola conduta.
- g) O grao de difusión da publicidade.

2. Cando concorran máis de dous dos criterios de gradación no comportamento sancionable de entre os previstos no número 1 deste artigo, o órgano competente poderá imponer a sanción superior en grao á prevista. Non será apreciada a reincidencia ou a reiteración para agravar as sancións cando xa fose tida en conta para tipificar a infracción.

Artigo 27. Sancións

1. As infraccións a esta lei sancionaranse nos graos mínimo, medio ou máximo, atendendo a gravidade da infracción, a natureza dos prexuízos causados, o risco para a saúde e a intencionalidade ou reiteración, da forma seguinte:

a) Infraccións leves:

- i) Grao mínimo: ata 601,01 €.
- ii) Grao medio: de 601,02 a 1.803,04 €.
- iii) Grao máximo: de 1.803,05 a 3.005,06 €.

b) Infraccións graves:

- i) Grao mínimo: de 3.005,07 a 6.010,12 €.
- ii) Grao medio: de 6.010,13 a 10.517,71 €.
- iii) Grao máximo: de 10.517,72 a 15.025,30 €.

c) Infraccións moi graves:

- i) Grao mínimo: de 15.025,31 a 120.202,42 €.
- ii) Grao medio: de 120.202,43 a 360.607,26 €.
- iii) Grao máximo: de 360.607,27 a 601.012,11 €.

As cantidades expresadas poden exceder ata acadar o quíntuplo do valor dos produtos ou dos servizos obxecto da infracción.

2. Nos casos de especial gravidade con transcendencia notoria e grave para a saúde, o Consello da Xunta de Galicia poderá acordar o peche temporal do establecemento, instalación ou servizo por un prazo máximo de cinco anos. Neste suposto poderase imponer como sanción complementaria a supresión, cancelación ou suspensión de calquera tipo de axudas ou subvencións de carácter financeiro que o particular ou a entidade infractora obtivesen ou solicitasen da Administración pública galega.

Artigo 28. Destino e substitución das sancións

1. A autoridade competente para a imposición das sancións poderá decidir, en función da sanción e da súa capacidade organizativa, a substitución, por solicitude do infractor ou do representante legal, pola realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade. Esta substitución non se poderá facer nas faltas moi graves.

2. Ademais, no caso das sancións referidas ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade, poderanse substituír, despois de solicitude do menor e coñecemento e aceptación dos seus pais, titores ou gardadores e coa compati-

lidade coas actividades escolares, pola inclusión do infractor en programas preventivos de carácter formativo ou informativo, ou de tratamento, que se desenvolverán durante un número de sesións que se establecerán nas normas de desenvolvemento desta lei.

2 bis) En todo caso, nas sancións polo consumo de alcohol por menores de idade, terán prevalencia as medidas previstas nos puntos 1 e 2 deste artigo.

3. No caso de que o infractor rexeite esta medida, será executada a multa correspondente prevista nesta lei para ese tipo de infraccións.

Artigo 29. Procedemento de substitución das sancións

1. O procedemento iniciarase cando o infractor ou o seu representante legal soliciten a substitución da sanción polas medidas establecidas no artigo anterior, ante o órgano que a impuxese.

2. A resolución favorable da substitución, que será ditada nun prazo máximo de quince días desde a solicitude, declarará suspendido o prazo de prescrición da sanción polo tempo previsto de duración da medida substitutiva.

3. Durante o tempo de duración da medida substitutiva, a autoridade competente efectuará o seguimento que considere oportuno sobre as asistencias e os resultados nas tarefas correspondentes.

4. Cando da información reunida resulte acreditado que o infractor cumpriu satisfactoriamente o seu compromiso, a autoridade competente acordará a remisión da sanción ou sancións impostas.

5. O incumprimento total ou parcial da medida substitutiva determinará a esixencia da sanción inicialmente imposta, salvo que se produza por causa de forza maior.

Artigo 30. Competencia sancionadora

1. Con carácter xeral, a competencia para a imposición de sancións corresponderá aos seguintes órganos:

a) Aos alcaldes, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves e graves nos seus graos mínimo e medio, así como a suspensión de calquera tipo de axuda ou subvención de carácter financeiro que o particular ou a entidade infractora obtivesen ou solicitasen do concello, ou a revogación das autorizacións municipais concedidas.

b) Aos xefes territoriais das consellarías con competencias na materia, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves no seu grao máximo.

c) Aos titulares dos órganos superiores ou directivos das consellarías con competencias, de conformidade co que establezan os correspondentes decretos de estrutura orgánica, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves no seu grao mínimo.

d) Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia:

i. Impoñer as sancións previstas pola comisión de infraccións moi graves nos seus graos medio e máximo.

ii. Acordar o peche temporal, por un prazo máximo de cinco anos, do establecemento, instalación ou servizo infractor.

iii. Así mesmo, poderá impoñer a sanción complementaria de supresión, cancelación ou suspensión de calquera tipo de axuda ou subvención de carácter financeiro que o particular ou a entidade infractora obtivesen ou solicitasen da Administración pública galega.

2. Por razón da materia, a competencia sancionadora, no marco da Xunta de Galicia, corresponderá aos seguintes órganos:

a) Á consellaría responsable en materia sanitaria, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publicidade e promoción de bebidas alcohólicas dirixidas a menores de idade nos medios de comunicación e por teléfono ou internet.

b) Á consellaría responsable en materia educativa, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publicidade, promoción ou venda de bebidas alcohólicas nos centros docentes.

c) Á consellaría responsable en materia de benestar, as correspondentes aos incumprimentos en materia de publici-

dade, promoción ou venda de bebidas alcohólicas nos centros de menores baixo o seu ámbito competencial.

d) Á consellaría responsable en materia de espectáculos públicos, as correspondentes aos incumprimentos en materia de acceso de menores de idade a locais.

3. Cando, denunciado un feito de que teña coñecemento a Administración da Xunta de Galicia, e logo de requirimento ao concello que resulte competente, este non incoe o oportuno expediente sancionador no prazo de dez días a partir do requirimento, a consellaría competente poderá iniciar a súa tramitación con comunicación da resolución correspondente ao concello.

Artigo 31. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións e sancións a que se refire esta lei prescribirán ao ano as correspondentes a faltas leves, aos tres anos as correspondentes a faltas graves e aos cinco anos as correspondentes a faltas moi graves.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse a partir do día en que se cometesen estas e interrompese desde o momento en que o procedemento se dirixa contra o presunto infractor.

3. Así mesmo, o prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa firme a resolución pola cal se impón a sanción.

Sección 3ª.

Procedemento sancionador

Artigo 32. Incoación do procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador por infraccións tipificadas nesta lei iniciárase de oficio, por acordo do órgano competente adoptado:

a) Por propia iniciativa.

b) Por acta de infracción elaborada pola inspección.

c) Por orde superior.

d) Por comunicación da autoridade ou do órgano administrativo que teña coñecemento da posible infracción.

e) Por denuncia formulada por organizacións profesionais do sector, organizacións de consumidores e usuarios ou particulares. Para estes efectos, as follas de reclamacións terán a consideración de denuncia formal.

2. Previamente á incoación do procedemento sancionador, o órgano competente para ela poderá acordar a realización de cantas actuacións sexan necesarias co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen a súa iniciación.

3. O acordo de incoación comunicárase ao instructor ou instrutora, con traslado de cantas actuacións se realizasen, e notificárase ao denunciante e ás persoas interesadas no procedemento.

4. Terán a condición de persoas interesadas nos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas nesta lei, ademais dos presuntos responsables das infraccións, as persoas directamente prexudicadas por elas.

Artigo 33. Medidas provisionais

1. Iniciado o expediente sancionador, o órgano competente poderá adoptar as medidas provisionais ou preventivas imprescindibles na procura de asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer e tendentes á salvagarda da saúde, seguranza e protección das persoas, así como á suspensión ou clausura preventiva de servizos, establecementos e centros ou a suspensión de autorizacións, permisos, licenzas e outros títulos expedidos polas autoridades administrativas, nos termos que autorice a lexislación vixente.

2. En particular, se os feitos que provocaron a incoación do procedemento sancionador incumpren requisitos normativamente establecidos de modo que se produza un grave risco para a saúde, adoptárase como medida provisional, en ambos os dous casos, o peche do establecemento ou a suspensión da actividade, se non se acordase xa a medida antes da iniciación do expediente nos termos previstos nesta lei.

Artigo 34. Resolución do procedemento sancionador

1. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución do procedemento sancionador será dun ano desde a data do acordo de incoación. De transcorrer este prazo sen se notificar a correspondente resolución, producirase a caducidade do procedemento nos termos e cos efectos previstos na lexislación do procedemento administrativo común.

2. Se as condutas sancionadas causasen danos ou prexuízos á administración, a resolución do procedemento poderá impoñer á persoa infractora a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción, e a indemnización polos danos e perdas causados.

3. Se a sanción viñer motivada pola falta de adecuación da actividade ou do establecemento aos requisitos establecidos pola normativa vixente, a resolución sancionadora incluírá un requirimento, con expresión de prazo suficiente para o seu cumprimento, para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento de que é titular.

Artigo 35. Execución das resolucións sancionadoras

1. A execución das resolucións sancionadoras, unha vez que poñan fin á vía administrativa, corresponderá ao órgano competente para a incoación do procedemento.

2. Nos casos en que a resolución sancionadora inclúa un requirimento para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento de que é titular, o órgano competente para a execución poderá impoñer a aquela multas coercitivas dun 10 % da contía da sanción máxima fixada para a infracción cometida por cada día que pase desde o vencemento do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento sen que se realizasen as actuacións ordenadas.

Artigo 36. Principios e procedemento xeral

En todo o que non estea previsto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan, a tramitación do procedemento sancionador axustarase aos principios e ao procedemento estable-

cidos con carácter xeral na normativa autonómica galega sobre o exercicio da potestade sancionadora e, na súa falta, na normativa estatal sobre ela.

Título III

Da planificación, coordinación e participación social

Artigo 37. Das competencias da Administración autonómica

1. Corresponde á Xunta de Galicia o exercicio das seguintes competencias:

a) O establecemento da política en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A aprobación das estruturas administrativas en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, así como a súa organización e réxime de funcionamento.

c) O exercicio da potestade sancionadora a través das consellerías competentes por razón da materia, nos termos previstos nesta lei.

d) A adopción, en colaboración con outras administracións públicas, de todas aquelas medidas que sexan precisas para asegurar o cumprimento do establecido nesta lei.

2. Dentro da estrutura da Xunta de Galicia, corresponde á Consellería de Sanidade:

a) A cooperación ou colaboración xeral coas administracións públicas, entidades privadas e institucións nas actuacións en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

b) O establecemento e xestión do sistema de información sobre consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Artigo 38. Das competencias da Administración local

1. Sen prexuízo das demais competencias que o ordenamento vixente lles atribúe e no marco delas, en relación co

obxecto desta lei definido no seu artigo 1, corresponde aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu ámbito territorial:

a) A determinación dos criterios que regulen a localización e requisitos que deberán reunir os establecementos onde se subministren, vendan, dispensen ou consuman bebidas alcohólicas, así como a súa vixilancia e control.

b) Os criterios e condicións de autorización de consumo de bebidas alcohólicas por adultos nos espazos de dominio público baixo o seu ámbito competencial e o asinamento de acordos con outras administracións para o cumprimento dos ditos criterios e condicións nos espazos de dominio público baixo a súa competencia.

c) Velar, no marco das súas competencias, polo cumprimento das diferentes medidas de control que establece esta lei, especialmente nas dependencias municipais.

d) O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos nesta lei.

e) Adoptar as medidas preventivas dirixidas a asegurar o cumprimento do establecido nesta lei.

2. Ademais das sinaladas no punto anterior, os concellos, mancomunidades ou agrupacións municipais de máis de 20.000 habitantes terán as seguintes competencias e responsabilidades mínimas:

a) A aprobación e execución dos programas de prevención que se desenvolvan exclusivamente no seu ámbito.

b) A elaboración e aprobación do plan en materia de inspección e de réxime sancionador.

c) O fomento da participación social e o apoio ás institucións sen ánimo de lucro que desenvolvan no municipio actuacións previstas no plan municipal.

Artigo 39. Organizacións non gobernamentais e entidades sociais

1. O principio de corresponsabilidade social debe impregnar a coordinación das actuacións sobre a problemática asociada

ao consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade, entre as diversas instancias administrativas e a sociedade civil, que deben seguir tomando un papel activo para a correcta abordaxe desta problemática.

2. A Administración autonómica fomentará e apoiará as iniciativas sociais e a colaboración coas organizacións non gobernamentais e entidades sociais, considerando o seu importante papel nesta materia.

3. Serán ámbitos preferentes de actuación das organizacións non gobernamentais e entidades sociais:

a) A concienciación social acerca da problemática do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

b) A prevención no ámbito comunitario.

4. Para os efectos de voluntariado social, cumprírase o establecido no artigo 27 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia.

Disposición adicional única. Actualización das contías das sancións

As contías das sancións establecidas nesta lei poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta de Galicia, tendo en conta, entre outros factores, as variacións dos índices de prezos de consumo.

Disposición transitoria única. Adaptación dos contratos en materia de publicidade e patrocinio

Os contratos en materia de publicidade e patrocinio asinados antes da entrada en vigor desta lei dispoñerán do prazo dun ano para se adaptaren ás limitacións establecidas nela.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. Prazo para a aprobación da normativa de desenvolvemento pola Xunta de Galicia

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobará a normativa de desenvolvemento prevista nela.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira cuarta. Adaptación das ordenanzas municipais

Os concellos deberán adaptar as súas ordenanzas no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010

María Angeles Díaz Pardo
Modesto Pose Mesura
Ana Luisa Bouza Santiago

A Mesa do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 08/PNP-0897 (54639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e cinco deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego para garantir o abastecemento aos concellos que captan auga no río Umia, así como o control da proliferación da alga ou

cianobacteria *Microcystis spp.* no encoro da Baxe, no concello de Caldas de Reis

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-0892(54421)(54516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para a mellora asistencial do Hospital Abente e Lago da Coruña

Coa corrección de erros formulada no doc. núm. 54516.

- 08/PNP-0888 (54429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre a demanda ao Goberno central do inicio da transferencia á Xunta de Galicia das competencias administrativas en materia de regulación, planificación e xestión do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPTM)

- 08/PNP-0889(54463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co proxecto de instalación dun gran centro comercial na comarca do Salnés

- 08/PNP-0891(54505)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis

Sobre a reforma do Código penal co fin de revisar e agravar as penas para os autores dos incendios forestais e o incremento dos recursos para a prevención, loita e persecución dos delitos forestais

- 08/PNP-0893(54524)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo, e sete deputados máis

Sobre a realización de xestións diante do Ministerio de Fomento e o Concello de Ourense para o asinamento dun convenio para a integración urbana do ferrocarril nesa cidade

- 08/PNP-0894(54552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa activi-
dade cirúrxica que se está a realizar nos hospitais do Sergas

- 08/PNP-0895(54555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e dous deputados máis
Sobre a ampliación ao conxunto das categorías da oferta
pública de emprego do Sergas do ano 2008/2009 da investi-
gación respecto da posible existencia de irregularidades nos
procesos selectivos

- 08/PNP-0896(54575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e dous deputados máis
Sobre a ampliación ao conxunto das categorías da oferta
pública de emprego do Sergas do ano 2008/2009 e a inves-
tigación respecto da posible existencia de irregularidades
nos procesos selectivos

- 08/PNP-0898(54662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre o impacto do decreto do carbón no funcionamento das
centrais térmicas galegas

4. Procedementos de información

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publica- ción

- 08/PPP-0176(54708)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parla-
mentarias
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para informar da
resolución da convocatoria de admisión a trámite de 2.325
novos MW eólicos e o Plan Re-Xurde 2010

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-0608 (54625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Lobeira Domínguez,
Bieito
Sobre os novos valores do sistema de ensinanza universita-
ria que pensa publicitar o Goberno galego na campaña infor-
mativa contratada por un valor de 944.989 euros

- 08/INT-0609(54663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Paz Franco, María
Tereixa
Sobre o novo modelo que o Goberno galego está a poñer en
marcha para a identificación e o rexistro do gando bovino

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-1849 (54423)(54514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis, e dous deputados máis
Sobre as medidas que se van adoptar para corrixir as defi-
ciencias existentes no funcionamento do Hospital Abente e
Lago da Coruña
Coa corrección de erros formulada no doc. núm. 54514.

- 08/POP-1852(54479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e dous deputados máis
Sobre o resultado do proxecto de trazado e construción da
Vía Artabra no seu tramo 4: N-VI-Autovía A-6

- 08/POP-1854(54508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e tres deputados máis
Sobre as actuacións concretas subvencionadas, a través da
convocatoria de axudas da Consellería do Medio Rural para
o ano 2010, a cada unha das razas autóctonas galegas de pro-
tección especial en perigo de extinción

- 08/POP-1855(54525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a prohibición da mesa redonda referida á privatización
da sanidade pública en Galicia, convocada para o día 15 de

novembro de 2010 pola Xunta de Persoal do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 08/POP-1856(54550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a redución da actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas no último ano e as súas consecuencias na atención aos doentes en lista de espera

- 08/POP-1857(54560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns polas que se privatiza a xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación

- 08/POP-1858(54570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos criterios de igualdade entre mulleres e homes na campaña de impulso ás prazas de abastos titulada “Este inverno presume de praceiro”

- 08/POP-1860(54593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel, e dous deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento de novas políticas de I+D+i que permitan dimi-

nuír o diferencial negativo de Galicia coa media española no esforzo investigador en relación co produto interior bruto

- 08/POP-1859(54627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre os novos valores do sistema de ensinanza universitaria que pensa publicitar o Goberno galego na campaña informativa contratada por un valor de 944.989 euros

4.3.1.1. Preguntas urxentes

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/POP-1862(54726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo

Sobre a proposta de resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se sanciona á empresa Construcuatro polo cobro de sobreprezos á vivenda protexida no polígono residencial de Navia, no concello de Vigo (art. 155.5)

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Rosa Oubiña Solla, Jesús Antonio Goldar Güimil, Alejandro Gómez Alonso, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Román Rodríguez González e Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto no Artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **Urxencia**

Xustificación da Urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de implementar medidas a curto, medio e longo prazo que axuden a garantir o abastecemento de auga nos concellos que captan auga no Río Umia e a controlar o fenómeno medioambiental consistente na proliferación da alga ou cianobacteria coñecida coma *Microcystis* spp. no encoro de A Baxe, ubicado no Concello de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra.

Exposición de Motivos

A localidade pontevedresa de Caldas de Reis ven sufrindo dende hai anos, coincidindo coa fin do verán e o comezo do outono -e con distinta intensidade-, as consecuencias da proliferación da alga *Microcystis* spp. no Río Umia, sendo preciso actuar de xeito urxente por parte da administración autonómica coa fin de controlar e evitar de cara aos próximos anos este problema medioambiental.

No crecemento descontrolado da citada alga, cuxa concentración máis salientable atópase no vaso do encoro, inflúen moitos factores algúns deles climatolóxicos, ademais doutros de carácter esóxeno, como son a aportación de nutrientes ao caudal que chega ao vaso por deficientes depuracións augas arriba, a total ausencia de limpeza do entorno nos últimos anos, etc.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

A presenza destas algas pon en risco potencial non só o abastecemento de auga potable aos Concellos que captan a súa auga de consumo no Río Umia, senón tamén supón un perigo evidente para a flora e fauna do contorno deste río, un dos máis castigados de Galicia.

Mais con todo, o certo é que dende que se detectara esta situación a raíz das análises que se fixeron despois da catástrofe da química Brenntag acontecida no ano 2006 e ata o mes de xullo deste ano, pouco ou nada se fixera para atallar verdadeiramente as causas deste problema.

Por todo elo este Grupo Parlamentario entende que é urxente e inaprazable que dende a Administración Autonómica, trala análise exhaustiva e rigorosa dos datos obtidos durante estes últimos meses, se poñan en marcha cantas medidas sexan necesarias coa fin de garantir, en primeiro termo, o abastecemento de auga potable aos Concellos que captan a auga neste río, mais tamén evitar nos vindeiros anos os blooms de cianobacterias no Río Umia, nomeadamente no contorno do Encoro de A Baxe.

E polo que, o Grupo Parlamentario Popular entende necesario aprobar a seguinte Proposición Non de Lei a debater en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Impulsar un Plan de Xestión Integral da Conca do Río Umia que incorpore as medidas precisas para garantir a calidade das augas deste curso fluvial e que deberá incidir, de xeito especial, no tratamento da proliferación da alga microcystis e na corrección das súas causas no Encoro de A Baxe, debendo concretarse no ano 2011 e, conforme ao dito Plan, iniciaranse por parte do Goberno galego as actuacións tendentes a acadar o citado obxectivo.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

- 2.- Adoptar, en execución das propostas que inclúa o devandito Plan de Xestión, cantas accións sexan pertinentes para asegura-lo abastecemento ás poboacións que na actualidade se provén do Río Umia, con obras de mellora ou reforzo das instalacións de tratamento nos concellos e a optimización da capacidade de regulación do Encoro de A Baxe que ha permitir o subministro de auga na época estival.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 18/11/2010 13:19:50

Rosa Oubiña Solla na data 18/11/2010 13:19:59

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 18/11/2010 13:20:06

Alejandro Gómez Alonso na data 18/11/2010 13:20:15

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/11/2010 13:20:26

Román Rodríguez González na data 18/11/2010 13:20:38

Marta Rodríguez Arias na data 18/11/2010 13:20:49

Jaime Castiñeira Broz na data 18/11/2010 13:21:53

Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 18/11/2010 13:22:10

Enrique Novoa López na data 18/11/2010 13:22:23

José Carlos López Campos na data 18/11/2010 13:22:49

Marta Valcárcel Gómez na data 18/11/2010 13:23:04

José Ferverza Costas na data 18/11/2010 13:23:19

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 18/11/2010 13:23:34

Pedro Puy Fraga na data 18/11/2010 13:24:12



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Luis Méndez Romeu, Francisco Cerviño González, Modesto Pose Mesura** e da súa deputada, **Mar Barcón Sánchez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Hospital “Abente y Lago” na cidade da Coruña, é unha das institucións principais da rede asistencial do Sergas, na área sanitaria coruñesa. Segundo a memoria oficial, conta con 116 camas, 7 quirófanos e 52 salas de consultas externas. Anualmente rexistra máis de 129.000 consultas externas.

Trátase ademais dun hospital de longa tradición na cidade. Logo de ter sido Hospital Militar dende o século XVIII, no ano 1995 a Xunta mercoulle o edificio ao Ministerio de Defensa e fixo os investimentos necesarios para incorporalo no complexo hospitalario da Coruña. Atrás quedaba unha longa loita dos seus traballadores para evitar o peche, mobilización que foi quen a mover as vontades das Administracións central e autonómica.

Nos últimos meses o hospital está a vivir unha progresiva perda da actividade como consecuencia das decisións da Consellería de Sanidade. Dunha banda, en horario ordinario, facultativos do cadro de persoal do hospital, realizan intervencións cirúrxicas en instalacións de hospitais concertados. Esta situación estase facendo nus casos de xeito voluntario e noutros de xeito forzoso, tendo sen utilización os quirófanos do hospital “Abente y Lago”. Como exemplo: En horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 a semana.

As condicións de traballo non son exactamente iguais nos quirófanos concertados que nos propios. Máis número de pacientes, menos persoal de enfermería, inexistencia de rexistros desas intervencións nas historias clínicas. Doutra banda, son frecuentes as repeticións de probas diagnósticas, con nova facturación.



Grupo Parlamentario

Unha vez iniciado ese proceso, que implica un dobre custo para o sistema sanitario, o persoal propio está sendo minorado: menos persoal de enfermería nos fins de semana, nos días festivos e polas noites. Mesmo o hospital está sen dirección médica e a coordinadora médica está destinada en Cee, a cen quilómetros de distancia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cómpre subliñar que dende que a Unidade de Reanimación, tendo a estrutura e os dispositivos necesarios, (2 camas de críticos) pechou polas noites e fins de semana, cando os pacientes necesitan ese servizo é necesario avisar ó 061 para que os traslade o CHUAC.

Toda a planta de cirurxía de curta estancia está pechada os fins de semana. Laboratorio e banco de sangue foron pechados e trasladados ao CHUAC.

Así un hospital cun modelo moi eficiente de cirurxía sen ingreso ou de corta estancia, con índices de calidade sobresaíntes, está sendo abandonado, amosando unha tendencia que levará á ineficiencia e o peche das instalacións, como xa sucedeu ca UCEQ (Unidade de curta estancia cirúrxica) con 18 camas.

Esta situación repercute nos pacientes de varias formas. As citas para realizar un ecocardiograma, por exemplo, danse cunha espera de 6 meses a un ano, igual que para unha ecografía abdominal. E aínda existen demoras maiores para determinadas probas diagnósticas. A consulta de anestesia que se viña realizando todos os días da semana de mañá, rebaixouse a un día de mañá e dous de tarde con peonadas, con lista de espera de 6 meses o máis. Toda esta espera tendo consultas cerradas polas tardes.

Cómpre lembrar que o Goberno Touriño reduciu as lista de espera nas especialidades onde esa situación era endémica, cun custo económico razoable.

Diante desa situación o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario que a Consellería de Sanidade explique publicamente os seus obxectivos e ofrezga garantías de recuperación da actividade clínica e cirúrxica do Hospital “Abente y Lago”.



Grupo Parlamentario

É por iso que se formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego á mellora asistencial do Hospital Abente e Lago da Coruña, incrementando a utilización dos quirófanos, evitando o recurso a centros concertados cando exista capacidade no propio centro hospitalario, recuperando os servizos clausurados, co obxectivo final de mellorar a calidade asistencial e reducir as listas de espera existentes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Francisco Cerviño González
Modesto Pose Mesura
Mar Barcón Sánchez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 11/11/2010 19:48:03

Francisco Cerviño González na data 11/11/2010 19:48:06

Modesto Pose Mesura na data 11/11/2010 19:49:29

Mar Barcón Sánchez na data 11/11/2010 19:49:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2010 19:49:49



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Luis Méndez Romeu, Modesto Pose Mesura, Francisco Cerviño González e Mar Barcón Sánchez**, a través do portavoz, solicita a esa Mesa se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida nos documentos, 54421, 54420, correspondentes a dúas proposicións non de lei en Pleno e en Comisión, respectivamente.

Ao final do cuarto parágrafo da iniciativa onde di: "... . Como exemplo: en horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 á semana." Débese suprimir. No seu lugar introducir a expresión: "... . Así foi nos últimos meses."

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Modesto Pose Mesura
Francisco Cerviño González
Mar Barcón Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 16/11/2010 11:55:00

Modesto Pose Mesura na data 16/11/2010 11:55:09



Grupo Parlamentario

Francisco Cerviño González na data 16/11/2010 11:55:13

Mar Barcón Sánchez na data 16/11/2010 11:55:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2010 11:55:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Antonio Rodríguez Miranda, Pedro Puy Fraga, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla, Jesus Goldar Guimil e José López Campos, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia ven de aprobar o inicio dos trámites oportunos para a transferencia dunha serie de competencias administrativas do Estado, entre elas a referentes á xestión do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT). Esta é unha vella reivindicación de Galicia que mesmo no 2005 foi rexeitada por parte do Goberno Central. Feito que está a contrastar coa recente transferencia desta competencia a outras comunidades, como é o caso de Cataluña.

A xestión do DPMT é de grande importancia para Galicia, en base á especificidade do noso litoral, contando con máis de 1.300 km de costa, case un terzo do total de España. Materializándose na franxa litoral unha intensa presenza humana, cun importante e xa secular asentamento demográfico e de actividades económicas tradicionais como o marisqueo, a pesca, usos portuarios,...

Desde o PP de G estimamos que en aras dunha planificación e xestión integral e coordinada do territorio costeiro, que posibilite a aplicación de políticas propias, facilite a xestión, reduza conflitos institucionais e aporte máis axilidade á acción pública, faise inxustificable a pervivencia do ámbito de decisión estatal nesta materia.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Conscientes desta situación estanse impulsando instrumentos de ordenación do espazo litoral, dentro do ámbito competencial autonómico, e impulsando iniciativas legislativas tendentes a adaptar á realidade galega a Lei de Costas. Pois como é sabido, a súa aplicación á Galicia ten xerado certas disfuncións e problemáticas; sendo a máis representativa o non recoñecemento á hora de efectuar os deslindes, de algúns núcleos tradicionais costeiros, cos conseguíntes prexuízos que esta situación acarrea para a poboación dos mesmos.

Así mesmo a potestade estatal en material de xestión do DMPT leva a que as recentes intervencións e accións político-administrativas no ámbito do DMPT sexan planificadas e executadas desde o Goberno Central, incumpríndose o principio de subsidiariedade, sendo os resultados moi mellorables desde unha perspectiva ambiental, funcional i económica. E, tamén, a que toda actuación autonómica en materia de planificación portuaria, regulación de actividades económicas como o marisqueo, a rexeneración de espazos litorais ou entre outras, a autorización de servidumes e/ou concesións administrativas, estean sometidos a un constante dirixismo competencial estatal.

Por todo isto,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que inicie de inmediato a transferencia das competencias administrativas en materia de regulación, planificación e xestión do DMPT á Xunta de Galicia, cos recursos necesarios para poder exercer dun xeito autónomo a lexítima política integral do territorio litoral galego.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 12/11/2010 10:51:26.195

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 12/11/2010 10:49:58

Román Rodríguez González na data 12/11/2010 10:50:04

Antonio Rodríguez Miranda na data 12/11/2010 10:50:09


Pedro Puy Fraga na data 12/11/2010 10:50:12

Alejandro Gómez Alonso na data 12/11/2010 10:50:16

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2010 10:50:18

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 12/11/2010 10:50:24

José Carlos López Campos na data 12/11/2010 10:50:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por medio do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno** dirixida ao Goberno Galego, relativa á implantación dunha grande superficie na comarca do Salnés.

Na comarca do Salnés estase proxectando a construción dun grande centro comercial cunha superficie edificábel de 23.387,06 m² nunha superficie de 77.956,86 m² que vai ter unha incidencia significativa no pequeno comercio. Este feito ten producido un malestar crecente, estendéndose a todo o sector comercial pois miran como outros centros comerciais xa implantados teñen repercutido na actividade comercial local e provocado o peche de establecementos comerciais na zona.

Efectivamente, a oferta comercial no Salnés ten sufrido un incremento substancial nos últimos anos coa instalación de superficies comerciais de tamaño medio, que teñen repercutido no comercio local e obrigaron a pechar establecementos comerciais de moito arraigo nos concellos afectados. Polo tanto, a instalación desta grande superficie nin é a formula máis acaída no entorno, nen demandada pola cidadanía e, moito menos, responde ás súas necesidades; responde a unha concepción desvinculada da realidade espacial e, a súa implantación no Salnés, vai representar un forte impacto, non so no tecido comercial, senón tamén no territorio e no medio ambiente, con consecuencias directas na estruturación da sociedade e fortes afeccións dun impacto sen precedentes.



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, da análise de todos os vectores que interveñen no desenvolvemento actual do sector comercial en todo o Salnés, aprecíase por unha banda que existe unha **mais que suficiente oferta comercial** con capacidade para atender toda a demanda existente ao longo de todo o ano e, inclusive, nas épocas estacionais, pero pola outra fai falla un impulso decidido por parte das administracións locais e autonómica, destacando como algunhas actuacións de ámbito local xa teñen suposto unha mellora na oferta comercial local e no propio sector. Ao mesmo tempo unha ordenación do sector, contemplando un plano de actuación conxunto entre a propia Xunta e os concellos afectados e consensuado co sector, non so daría resposta ás demandas do comercio xa existente, senón que multiplicaría as capacidades actuais e sería un forte revulsivo económico, social e xerador de emprego.

Por último, a implantación destes formatos comerciais sen ter en conta as características específicas do territorio onde se asenta, implicaría unha deixación de funcións por parte da Xunta da Galiza na medida que, noutras comunidades autónomas ou estados teñen posto en marcha leis e mecanismos que, recollendo as aspiracións do pequeno comercio permitiu a súa supervivencia que, sen chegar ao proteccionismo e recoñecendo o principio de libre empresa e libre competencia, ten ordenado os distintos tipos de comercio e dignificado a actividade comercial promovendo o seu desenvolvemento en igualdade de condicións para todos os axentes empresariais.

Ao noso entender o Goberno galego non pode quedar impasíbel e debe tomar accións e actuacións decididas por entender que a implantación deste formato comercial na comarca do Salnés ten uns efectos tremendamente negativos para o tecido económico e social deste espazo xeográfico o que nos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

leva ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º) Utilizar os mecanismos legais oportunos para evitar a instalación deste grande centro comercial no Salnés.

2º) Poñer en marcha as medidas oportunas para a recuperación, posta en valor e potenciamento do sector comercial no Salnés.

Santiago de Compostela, 15 de Novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 15/11/2010 12:20:22

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 12:20:25



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín e Rosa Obiña Solla**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

A superficie do monte en Galicia ocupa da orde de dous millóns de hectáreas. A man do home cada verán atenta contra o patrimonio forestal da nosa Comunidade Autónoma en maior ou menor medida posto que a maior parte dos lumes rexistrados son intencionados.

Os despiadados, que con premeditación ou planificación, prenden lume provocando incendios como o acontecido este verán en Laza en Rede Natura, ou como o de Fornelos que se salda coa vida de dúas persoas mentres cumprían coas súas obrigas laborais, son verdadeiros terroristas que atentan contra o patrimonio natural dos Galegos, e en definitiva de toda a sociedade. Estes delitos, enmárcanse no Código Penal dentro dos denominados “Delitos contra a Seguridade Colectiva”.

En relación a este asunto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno do Estado, para solicitar a:

- 1.- Reforma do Código Penal a fin de revisar e agrava-las penas aos autores directos ou indirectos dos incendios forestais esixindo que sexan establecidas có máximo rigor.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

- 2.- Incrementar os recursos para a prevención, loita e persecución dos delitos forestais”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 16/11/2010 10:16:07

María Emma Álvarez Chao na data 16/11/2010 10:16:13

María Isabel García Pacín na data 16/11/2010 10:16:23

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2010 10:16:28



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Rosendo Luís Fernández Fernández, José Manuel Baltar Blanco, Enrique Nóvoa López, Cristina Romero Fernández, Miguel Angel Santalices Vieira, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e Alejandro Gómez Alonso**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

Ninguén dubida que a chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia determina para a cidade de Ourense un auténtico factor de desenvolvemento dada a súa situación xeoestratéxica. Nese escenario a integración urbana do ferrocarril constitúe un punto fundamental.

Con moito atraso o BOE do 26 de setembro de 2009 publicaba o anuncio da Dirección General de Infraestructuras Ferroviarias polo que se sometía a información pública o estudo informativo "Integración urbana e acondicionamento da Rede Ferroviaria de Ourense". Do exame do citado estudo informativo desprendíase que a solución para a chegada da alta velocidade a Ourense non presenta nos últimos catro quilómetros as características axeitadas para dar resposta ás necesidades da terceira capital galega e provocou que no trámite de información ao público formularan alegacións, ademais de moitos particulares, as principais organizacións empresariais da cidade: a Confederación Empresarial, a Cámara Oficial de Comercio e Industria, Colexios profesionais, asociacións de veciños, tamén as principais organizacións políticas e por suposto a Deputación Provincial e o Concello de Ourense.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Estamos a mediados do mes de novembro de 2010 e a situación é a seguinte: aínda o Ministerio de Fomento non respondeu ás alegacións, polo tanto non hai pronunciamento oficial favorable ou contrario ao soterramento do trazado de entrada do TAV e da praia de vías da Estación de Ourense-Empalme. Tampouco, pese aos múltiples anuncios feitos, non se asinou un convenio entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello, ADIF e RENFE Operadora para a integración urbana do ferrocarril na cidade de Ourense, paso previo á constitución dunha sociedade de integración do AVE, da que formarían parte as administracións Central, Autonómica e Local.

Estase a producir unha situación de clara discriminación cara Galicia e Ourense, tendo en conta que, segundo a información facilitada polo Ministerio de Fomento, e con respecto á integración da alta velocidade, as palabras “protocolo, integración ferroviaria e soterramentos” xa son unha realidade en localidades como Talavera de la Reina, Logroño, Huelva, Almería, Alicante, León, Granada, Palencia, Murcia...O pasado día 9 de novembro o ministro José Blanco asinou, coa vicepresidenta do Goberno cántabro, os alcaldes de Santander e Camargo, e os presidentes de ADIF, RENFE e FEVE, un Protocolo para a integración do ferrocarril nos municipios de Santander e Camargo.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario Popular presenta esta Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Fomento e ao Concello de Ourense para recabar destas administracións a urxente sinatura dun Convenio para a integración urbana do ferrocarril na cidade de Ourense, que entre outros extremos contemple:



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

- 1º.- A constitución dunha Sociedade de integración do ferrocarril de Alta Velocidade coa participación polo menos das administracións Central, Autonómica e Local, que tería como obxectivo principal, xestionar o desenvolvemento urbanístico e executar as obras de infraestrutura urbana e de urbanización correspondentes aos solos incluídos no ámbito de actuación do Convenio.
- 2º.- O soterramento de todo o espazo ferroviario que comprende a actual estación de Ourense-Empalme, incluída toda a zona de talleres, co obxecto de liberar solo para adecualo ás necesidades futuras de Ourense en canto a residencial, terciario, dotacional, zonas verdes-deportivas e infraestructuras viarias."

Santiago de Compostela, 16 de Novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 16/11/2010 13:05:34

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 16/11/2010 13:05:45

José Manuel Baltar Blanco na data 16/11/2010 13:05:54

Enrique Novoa López na data 16/11/2010 13:06:01

Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/11/2010 13:06:11

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 16/11/2010 13:06:15

Antonio Rodríguez Miranda na data 16/11/2010 13:06:24

Yolanda Díaz Lugilde na data 16/11/2010 13:06:30

Alejandro Gómez Alonso na data 16/11/2010 13:06:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54552
Data envío: 16/11/2010 16:37:48.819

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ou abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No verán de 2009, o Goberno galego decretou o fin da autoconcertación para a actividade cirúrxica co argumento de que se podía realizar en xornada ordinaria o que se estaba a facer en xornada extraordinaria, poñendo en cuestión a profesionalidade de traballadoras e traballadores do SERGAS.

Isto supuxo un deterioro na atención sanitaria e un empeoramento do tempo de espera e do número de persoas en espera para unha intervención cirúrxica que o Goberno galego tentou maquillar con varias estratexias: eliminaron a información sobre a actividade cirúrxica total limitándose a dar datos de actividade en xornada ordinaria e presionaron sobre as listas estruturais derivando á privada ou pechando axendas ao tempo que comunicaban datos non homologábeis sobre espera por prioridades.

Non se atendeu ás numerosas demandas de información sobre espera non estrutural e actividade total feitas dende o BNG en sesións de Comisión e Pleno no Parlamento Galego.

Pero a realidade do empeoramento da atención mentres se mantiñan quirófanos pechados é unha evidencia para profesionais e doentes.

Unha realidade que ven de ser confirmada na Memoria 2009 do Consello Económico



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54552
Data envío: 16/11/2010 16:37:48.819

e Social (CES) presentada nos últimos días, que cifra en 6844 cirurxías menos as realizadas en 2009 respecto do ano anterior.

Desminte este informe as continuas referencias de portavoces do Partido Popular de mellora da actividade cirúrxica e, o que é escandaloso, da Conselleira de Sanidade e do propio Presidente Galego no Parlamento.

Por este motivo o BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

- 1) Informar mensualmente da evolución da actividade cirúrxica completa que se realiza nos Hospitais do SERGAS, sexa esta en xornada ordinaria ou non.
- 2) Tomar as medidas precisas de persoal e utilización de quirófanos que permitan aumentar a actividade cirúrxica do SERGAS e atender adecuadamente a espera cirúrxica actual (publicada ou non).”


Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54552

Data envio: 16/11/2010 16:37:48.819

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 16:36:26

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 16:36:30



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas, Modesto Pose Mesura e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, co obxecto de que o **Goberno galego amplíe ao conxunto das categorías da Oferta Pública de Emprego do ano 2008/2009 SERGAS a investigación aberta a instancias do Valedor do Pobo, debido a posible existencia de máis irregularidades en diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos denunciando a existencia de graves irregularidades nos procesos selectivos da Xunta de Galicia mentres o Goberno presidido polo Sr. Feijóo intenta evitar a asunción de responsabilidades políticas.

Uns feitos de enorme gravidade ao redor das oposicións paara o emprego público no Servizo Galego de Saúde acaban de ser corroborados a través do informe emitido polo Valedor do Pobo de data 13 de outubro en resposta á queixa formulada polos deputados socialistas abaixo asinantes.

Agora chegan ao Grupo Socialista novas queixas de opositores que denuncian a existencia de posibles irregularidades en outras categorías como é o caso do grupo de técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.

Non só é o Valedor do Pobo o que corrobora a existencia de “incumprimentos e irregularidades” senón que indica que foron “constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e dos que se da detallada conta no informe correspondente elaborado por este órgano”.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É o Valedor do Pobo o que pide que “con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe” mentres o Goberno galego a través do seu presidente nega a existencia de irregularidades e apunta que “só hai indicios”.

O Sr. Presidente da Xunta falta á verdade e nega o informe do Valedor na súa parte de conclusións onde con toda claridade expón que “... si que se deron considerables irregularidades que reforzan a sospeita fundada de que puido darse unha situación vantaxosa de determinados concorrentes”.

Non só é o Alto Comisionado o que chega ás conclusións xa coñecidas senón que é a propia consellería da Presidencia a que confirma a través do seu informe a existencia de feitos gravísimos que non tiveron ningunha consecuencia de asunción de responsabilidades políticas no ámbito do Sergas nin da Función Pública da Xunta de Galicia.

Un dos feitos máis graves é o que constata a existencia dun opositor que á súa vez formando parte da plantilla da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas acabou traballando na corrección dos exames das oposicións nas que el mesmo participa.

De feito o mesmo opositor reconece que corraxiu o seu propio exame (Informe da DXARA “.. e incluso participa no proceso de corrección de exames da categoría de administrativo ó que el se presenta como opositor, manifestando incluso que fixo a corrección mecánica do seu propio exame.(...)”

Neste contexto acrecéntanse as dúbidas sobre a existencia de máis beneficiarios das irregularidades e ausencias de controis nos procesos previos á realización dos exames en diferentes categorías.

Isto prodúcese despois de que a directora xeral de Recursos Humanos negara, na súa comparecencia do 15 de abril no Parlamento de Galicia, a presenza de opositores na corrección de exames. A directora xeral manifestaba daquela que “non existiu traballos de colaboración na corrección dos exames por parte de persoal que opositara”, o que demostra que mentiu en sede parlamentaria.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Outro dos feitos graves que están constatados é o referido á custodia da plantilla do exame a través do correspondente pen-drive, xa que o propio informe da consellería de Presidencia corrobora que “no proceso de persoal administrativo antes de que o lapis de memoria que contén o informe final chegue a FPP, que é a persoa encargada da custodia dos exames ata o momento da impresión, este xa estivo en poder de varias persoas da división”.

A directora afirmara o pasado 15 de abril en sede parlamentaria que “desde que o tribunal entrega o exame ao xefe de servizo só interviñeron as dúas persoas autorizadas, é dicir o xefe de servizo e un auxiliar de apoio”.

As probas conclúen que era falso o que afirmou en sede parlamentaria a Sra. directora xeral xa que o pen-drive “estivo en posesión de varias persoas da división” antes de que chegara a quen tiña que custodialo.

Hai un terceiro feito tan grave ou máis que os anteriores i é o referido á sala de impresión dos exames das oposicións onde a directora xeral de Recursos Humanos afirmara que “estas (en referencia ao xefe de servizo e ao auxiliar) son as únicas persoas con acceso permitido para impresión dos cadernos de preguntas” e onde o informe do Valedor do Pobo e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza demostra que non existe seguridade da cadea de custodia, expoñendo que “non hai un sistema de rexistro de entrada e saída de persoas na sala de impresión. Polo tanto tal e como manifesta nas súas declaracións a colaboradora ITN, a confidencialidade e o sixilo (sic) na realización das tarefas do persoal colaborador depende unicamente da ética de cada un”.

Estamos diante dun escándalo maiúsculo que se ve agrado pola ocultación, a negación e a mentira reiterada da directora xeral de Recursos Humanos en sede parlamentaria como se pode constatar ao cotexar o arquivo da sesión do día 15 de abril de 2010.

O Valedor do Pobo en outubro fixo pública a constatación da existencia de irregularidades nas probas do SERGAS denunciadas por este grupo parlamentario.



Grupo Parlamentario

O feito de que se inste a separar dos procesos selectivos a determinadas persoas que conforman os tribunais de selección das probas denunciadas incide nas denuncias que levamos facendo ao longo dos últimos meses.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No mes de marzo deste ano 2010, os deputados que asinan esta iniciativa e o conxunto do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciábamos a existencia de graves sospeitas de irregularidades nos diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Esta situación causou unha importante alarma social polo desamparo ao que se viron sometidos milleiros de opositores.

O Goberno galego negou durante meses a existencia de irregularidades mentres o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia denunciaba a indefensión dos opositores que participaban nas probas do SERGAS.

Tivemos que dirixirnos á institución do Valedor do Pobo para poder defender os intereses xerais dos cidadáns e poñer no seu coñecemento a existencia de denuncias de graves irregularidades, onde se poñía de manifesto a existencia de inmensas casualidades ou coincidencias onde familiares directos de quen xestionou os procesos selectivos obtiñan as mellores puntuacións, así como persoal que tamén traballaba no mesmo departamento onde se xestionan as citadas oposicións.

Os socialistas galegos consideramos fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a imparcialidade dos mesmos, e por iso denunciámos a insostible situación dos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde.

Chove sobre mollado, xa que en Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir de forma continuada nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia, unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

Despois do cese de dúas subdirectoras xerais nas Consellerías de Facenda e na de Sanidade a raíz das denuncias que fomos formulando ao longo dos últimos meses, é hora de que o Goberno galego asuma responsabilidades



Grupo Parlamentario

políticas despois de que o Valedor do Pobo veña de facer pública a constatación da existencia de irregularidades nas probas do SERGAS denunciadas por este Grupo Parlamentario e que teñamos coñecemento detallado de graves feitos que dan crédito ás denuncias efectuadas no seu día.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No caso das oposicións do SERGAS démoslle voz ás denuncias que alertaban de serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos, tendo o seu epicentro as mesmas na Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS e sendo coñecedor das mesmas o director xeral da Función Pública da Xunta de Galicia e propia directora xeral de Recursos Humanos do SERGAS, que recoñeceu o pasado 15 de abril que tivera coñecemento do asunto o día 3 de febreiro do presente ano 2010.

O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acabaran obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7.500 persoas, ou ben se pensaba que era un milagre ou ben unha inmensa casualidade, e o propio Valedor do Pobo no seu informe constata que “é improbable que sexa unha casualidade”.

Por este motivo o propio Valedor do Pobo pediu que se fixera “unha comprobación estatística para avaliar ata que punto atopámonos ante unha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías”.

Neste sentido consideramos fundamental estender a investigación ao conxunto das categorías incluídas nas probas selectivas da OPE do ano 2008/09, xa que estamos recibindo denuncias da existencia de serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.

A existencia de graves sospeitas de irregularidades en diversos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde (SERGAS) crea unha importante alarma social que debería ter sido combatida con decisións contundentes pero ata a data os cargos públicos do Goberno galego non asumiron responsabilidades políticas.



Grupo Parlamentario

A suma de escándalos que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co ánimo de que o Goberno galego faga unha investigación completa da totalidade dos procesos selectivos do SERGAS dados os gravísimos feitos que se teñen producido nas probas de acceso ao emprego público na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender a investigación aberta a instancias do Grupo Parlamentario Socialista e do Valedor do Pobo ao conxunto das categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 debida a existencia de numerosas denuncias onde se poñen de manifesto serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.
2. Proceder á comprobación estatística solicitada polo Valedor do Pobo para avaliar ata que punto a existencia dunha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías.
3. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da situación producida nestes procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga



Grupo Parlamentario

Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 16/11/2010 17:20:50

Modesto Pose Mesura na data 16/11/2010 17:20:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2010 17:21:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas, Modesto Pose Mesura e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, co obxecto de que o goberno galego amplíe ao conxunto das categorías da **Oferta Pública de Emprego do ano 2008/2009 SERGAS a investigación aberta a instancias do Valedor do Pobo**, debido a posible existencia de máis irregularidades en diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no **SERVICIO GALEGO DE SAUDE (SERGAS)** e proceda a asumir responsabilidades políticas polos graves feitos descubertos na investigación aberta polo Valedor do Pobo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Vimos de coñecer a través de varios medios de comunicación da existencia de novas “casualidades” ou “milagres” nos procesos selectivos de acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos meses denunciando a existencia de graves irregularidades nos procesos selectivos da Xunta de Galicia mentres o Goberno presidido polo Sr. Feijóo intenta evitar a asunción de responsabilidades políticas.

Uns feitos de enorme gravidade ao redor das oposicións para o emprego público no Servizo Galego de Saúde acaban de ser corroborados a través do informe emitido polo Valedor do Pobo de data 13 de outubro en resposta á queixa formulada polos deputados socialistas abaixo asinantes.

Agora chegan ao Grupo Socialista novas queixas de opositores que denuncian a existencia de posibles irregularidades en outras categorías como é o caso do grupo de técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non só é o Valedor do Pobo o que corrobora a existencia de “incumprimentos e irregularidades” senón que indica que foron “constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e dos que se da detallada conta no informe correspondente elaborado por este órgano”.

É o Valedor do Pobo o que pide que “con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe” mentres o Goberno galego a través do seu presidente nega a existencia de irregularidades e apunta que “só hai indicios”.

O Sr. Presidente da Xunta falta á verdade e nega o informe do Valedor na súa parte de conclusións onde con toda claridade expón que “... si que se deron considerables irregularidades que reforzan a sospeita fundada de que puido darse unha situación vantaxosa de determinados concorrentes”.

Neste contexto acrecéntanse as dúbidas sobre a existencia de máis beneficiarios das irregularidades e ausencias de controis nos procesos previos á realización dos exames en diferentes categorías.

Isto prodúcese despois de que a directora xeral de Recursos Humanos negara, na súa comparecencia do 15 de abril no parlamento, a presenza de opositores na corrección de exames. A directora xeral manifestaba daquela que “non existiu traballos de colaboración na corrección dos exames por parte de persoal que opositara”, o que demostra que mentiu en sede parlamentaria.

Outro dos feitos graves que están constatados é o referido á custodia da plantilla do exame a través do correspondente pen-drive, xa que o propio informe da consellería de Presidencia corrobora que “no proceso de persoal administrativo antes de que o lapis de memoria que contén o informe final chegue a FPP, que é a persoa encargada da custodia dos exames ata o momento da impresión, este xa estivo en poder de varias persoas da división”.

A directora afirmara o pasado 15 de abril en sede parlamentaria que “desde que o tribunal entrega o exame ao xefe de servizo só interviñeron as dúas persoas autorizadas, é dicir o xefe de servizo e un auxiliar de apoio”.



Grupo Parlamentario

As probas conclúen que era falso o que afirmou en sede parlamentaria a Sra. Directora Xeral xa que o pen-drive “estivo en posesión de varias persoas da división” antes de que chegara a quen tiña que custodialo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hai un terceiro feito tan grave ou máis que os anteriores i é o referido á sala de impresión dos exames das oposicións onde a directora xeral de recursos humanos afirmara que “estas (en referencia ao xefe de servizo e ao auxiliar) son as únicas persoas con acceso permitido para impresión dos cadernos de preguntas” e onde o informe do Valedor do Pobo e da Consellería de Presidencia demostra que non existe seguridade da cadea de custodia, expoñendo que “non hai un sistema de rexistro de entrada e saída de persoas na sala de impresión. Polo tanto tal e como manifesta nas súas declaracións a colaboradora ITN, a confidencialidade e o sixilo (sic) na realización das tarefas do persoal colaborador depende unicamente da ética de cada un”.

Estamos diante dun escándalo maiúsculo que se ve agrado pola ocultación, a negación e a mentira reiterada da directora xeral de Recursos Humanos en sede parlamentaria como se pode constatar ao cotexar o arquivo da sesión do día 15 de abril de 2010.

No mes de marzo deste ano 2010, os deputados que asinan esta iniciativa e o conxunto do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciábamos a existencia de graves sospeitas de irregularidades nos diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

O Goberno galego negou durante meses a existencia de irregularidades mentres o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia denunciaba a indefensión dos opositores que participaban nas probas do SERGAS.

Tivemos que dirixirnos á institución do Valedor do Pobo para poder defender os intereses xerais dos cidadáns e poñer no seu coñecemento a existencia de denuncias de graves irregularidades, onde se poñía de manifesto a existencia de inmensas casualidades ou coincidencias onde familiares directos de quen xestionou os procesos selectivos obtiñan as



Grupo Parlamentario

mellores puntuacións, así como persoal que tamén traballaba no mesmo departamento onde se xestionan as citadas oposicións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os socialistas galegos consideramos fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a imparcialidade dos mesmos, e por iso denunciarnos a insostible situación dos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde.

Chove sobre mollado en Galicia, onde milleiros de opositores están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir de forma continuada nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia, unha constante dende a chegada do Partido Popular ao goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

No caso das oposicións do SERGAS démoslle voz ás denuncias que alertaban de serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos, tendo o seu epicentro as mesmas na Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS e sendo coñecedor das mesmas o director xeral da Función Pública da Xunta de Galicia e propia directora xeral de Recursos Humanos do SERGAS, que recoñeceu o pasado 15 de abril que tivera coñecemento do asunto o día 3 de febreiro do presente ano 2010.

O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acabaran obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7.500 persoas, ou ben se pensaba que era un milagre ou ben unha inmensa casualidade, e o propio Valedor do Pobo no seu informe constata que “é improbable que sexa unha casualidade”.

Por este motivo o propio Valedor do Pobo pediu que se fixera “unha comprobación estatística para avaliar ata que punto atopámonos ante unha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías”.

Neste sentido consideramos fundamental estender a investigación ao conxunto das categorías incluídas nas probas selectivas da OPE do ano 2008/09, xa que estamos recibindo denuncias da existencia de serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A existencia de graves sospeitas de irregularidades en diversos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde (SERGAS) crea unha importante alarma social que debería ter sido combatida con decisións contundentes pero ata a data os cargos públicos do goberno galego non asumiron responsabilidades políticas.

A suma de escándalos que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

Co ánimo de que o Goberno galego faga unha investigación completa da totalidade dos procesos selectivos do SERGAS dados os gravísimos feitos que se teñen producido nas probas de acceso ao emprego público na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha investigación oficial sobre os procesos selectivos no conxunto das categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 do Servizo Galego de Saúde, continuando co traballo xa feito polo Valedor do Pobo a instancias do Grupo Parlamentario Socialista.
2. Revisar o conxunto das probas realizadas nas diferentes categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 do Servizo Galego de Saúde, debido á aparición de novas denuncias de opositores sobre posible beneficiarios derivados da posición de vantaxe de determinadas persoas que ao mesmo tempo traballaban na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas.
3. Determinar o número de persoas que dispuxeron, nos momentos previos á realización dos exames por parte dos opositores, dos pen-drive onde se gardaban as probas elaboradas polos diferentes



Grupo Parlamentario

Tribunais, tendo en conta que o informe do Valedor do Pobo constata que pasaron por varias mans antes de chegar á persoa encargada da súa custodia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Elaborar un informe que determine as persoas que traballando na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas tiveron participación directa ou indirecta nas diferentes fases dos procesos selectivos da OPE do ano 2008/09, máis tendo en conta que un dos traballadores recoñeceu que él mesmo se corrixiu o seu propio exame, na dobre condición de opositor e corrector.
5. Proceder á comprobación estatística solicitada polo Valedor do Pobo para avaliar ata que punto a existencia dunha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías.
6. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da situación producida nestes procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS, determinando a persoa ou persoas responsables da existencia de numerosas irregularidades, xa constatadas polo Valedor do Pobo.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 17/11/2010 11:53:58


Modesto Pose Mesura na data 17/11/2010 11:54:05



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/11/2010 11:54:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa ao impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas.

Os contidos do Real Decreto polo que se crea o procedemento de resolución das restricións por garantía de subministro, tamén coñecido como o “decreto do carbón”, teñen provocado unha forte contestación, tanto polo seu impacto no desenvolvemento da estratexia enerxética do Estado español como polas súas repercusións nos consumidores e consumidoras e na situación das distintas comarcas mineiras.

Polo que respecta aos dous primeiros aspectos, a aposta pola xeración eléctrica a partir do «carbón autóctono», altamente contaminante, resulta contraditoria cos obxectivos de reducir as emisións de CO₂, favorecer o desenvolvemento das enerxías limpas y sostíbeis e racionalizar os custes no sector eléctrico.

A propia Comisión Nacional de la Competencia advertiu que coa aplicación deste decreto poderíase producir un importante encarecemento do prezo da electricidade nos mercados maioristas, coa conseguinte repercusión futura nos consumidores.

Pero ademais, a decisión de priorizar o «carbón autóctono » afectará gravemente á actividade económica das centrais térmicas como as situadas nas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

localidades coruñesas das Pontes e Meirama (Cerceda) que apostaron pola utilización do carbón importado debido ao progresivo esgotamento dos xacementos mineiros próximos a estas centrais, a redución das emisións que produce o uso do carbón de importación e os seus menores custos económicos.

Agora, estas centrais, e despois de realizar grandes investimentos para adaptar as súas instalacións, ollan como a súa actividade futura esta claramente ameazada, co conseguinte impacto nunhas comarcas altamente dependentes desta actividade económica.


A necesaria aposta polo desenvolvemento integral e sostíbel das comarcas mineiras debe acometerse, por un lado, sen comprometer o deseño dunha estratexia enerxética coherente, e por outro asegurando unha igualdade de trato para todas elas, que para ser tal debe ter en conta as súas distintas características.

Sendo de base o anteriormente exposto é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Pleno dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

Dirixirse ao Goberno español para:

1º) Revisalos contidos do Decreto do carbón para evitar os graves prexuízos que a aplicación do mesmo terá na produción das centrais térmicas alimentadas co carbón de importación e na economía das comarcas onde estas centrais están implantadas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º) Distribuír de xeito equitativo a redución na produción que implica a cota reservada á produción eléctrica resultado da combustión do “carbón autóctono”, entre todas as tecnoloxías de xeración e non so entre as centrais térmicas alimentadas por carbón de importación e as centrais de ciclo combinado.

Santiago de Compostela, 18 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 18/11/2010 16:39:13

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/11/2010 16:39:16





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía e Industria para informar da **“resolución da convocatoria de admisión a trámite de 2.325 novos MW eólicos, o plan re-Xurde 2010”**.


Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:06
Nº Rexistro: 54625
Data envío: 18/11/2010 10:06:56.483

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O mércores 17 de novembro de 2010 o Diario Oficial de Galicia publica a Resolución do 21 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se fai pública a adxudicación dun contrato administrativo. Segundo reza no texto "En cumprimento do disposto no artigo 138º.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do seguinte contrato: Servizo para a elaboración da campaña informativa de divulgación dos novos valores do sistema de ensinanza non universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia." Esta adxudicación consta de dous lotes: Lote 1: creatividade, produción e accións especiais. Lote 2: estratexia, planificación de medios e execución da publicidade. O orzamento base de licitación ascende a 950.000 euros (IVE incluído). Lote 1: 200.000 euros (IVE incluído). Lote 2: 750.000 euros (IVE incluído). Como podemos comprobar con data de 14 de outubro de 2010 adxudicouse o primeiro lote por un importe de 194.989 euros (IVE incluído) e con data de 14 de outubro de 2010 o segundo lote por un importe de 750.000 euros (IVE incluído).

Partindo da premisa que o Presidente Feijóo anunciou no mes de outubro a supresión da campaña para promocionar o decreto de redución do galego nas aulas, e dado que o sistema educativo só sufriu como novidade por unha banda, o recorte de fondos, profesorado e unidades escolares públicas e, por outra, a prohibición de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:06
Nº Rexistro: 54625
Data envío: 18/11/2010 10:06:56.483

impartir determinadas materias en lingua galega, este grupo parlamentar presenta a seguinte interpelación:

1. Que novos valores do sistema de ensinanza non universitaria pensa publicitar o Goberno galego por un valor de 944.989?
2. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar no orzamento do 2011 un 35% nas bolsas para estudar inglés do alumnado?
3. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar nun 53% as bolsas para o alumnado de FP que realiza prácticas en empresas?
4. Pensa que é un valor a publicitar recortar un 35% as axudas aos comedores escolares xestionados polas AMPAS?
5. Pensa que é un valor a publicitar reducir o profesorado de atención a diversidade e os programas de prevención do fracaso escolar?
6. Pensa que é un valor a publicitar suprimir a partida orzamentaria de Preescolar na casa?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.


Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/11/2010 10:00:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:06
Nº Rexistro: 54625

Data envío: 18/11/2010 10:06:56.483

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/11/2010 10:01:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez e María Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Blque Nacionalista Galego (BNG), ao abiero do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Goberno Galego está a poñer en marcha un novo modelo de identificación, rexistro do gando bovino para substituír o modelo anterior que viña do ano 1998 e que ten amosado durante a súa vixencia a efectividade no control sanitario do gando, a garantía na súa trazabilidade é ademais un bo resultado na relación entre gandeiros e veterinarios dos cal dá boa fé as máis de 10.000 sinaturas recollidas en contra do sistema que a Consellaría puxo en marcha e solicitando a súa volta ao modelo anterior. O argumento para a súa extinción é do seu custo económico, sen que se teña por outro lado presentado ningún estudio económico que acredite tal feito. O resultado desta decisión, é mandar ao paro a máis de 100 veterinarios, e empeorar o servizo que se viña prestando aos gandeiros.

Por todo elo, presentase a seguinte INTERPELACIÓN dirixida ao Conselleiro do Medio Rural:

- 1.- Cales son as razóns para cambiar un modelo que era valorado positivamente por técnicos e gandeiros?
- 2.- Que resultados está a obter o novo modelo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Que garantías aporta este modelo, máis que o anterior?

4.- Como valora as manifestacións que desde diversos ámbitos se están realizando en relación con como esta medida pode afectar á produción cárnica galega?

5.- Non considera que á vista da contestación que se está a producir no sector e na cidadanía, deberían reconsiderar a súa decisión?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 18/11/2010 16:56:09

María Tereixa Paz Franco na data 18/11/2010 16:56:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, Francisco Cerviño González e Mar Barcón Sánchez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Hospital “Abente y Lago” na cidade da Coruña, é unha das institucións principais da rede asistencial do Sergas, na área sanitaria coruñesa. Segundo a memoria oficial, conta con 116 camas, 7 quirófanos e 52 salas de consultas externas. Anualmente rexistra máis de 129.000 consultas externas.

Trátase ademais dun hospital de longa tradición na cidade. Logo de ter sido Hospital Militar dende o século XVIII, no ano 1995 a Xunta mercoulle o edificio ó Ministerio de Defensa e fixo os investimentos necesarios para incorporalo no complexo hospitalario da Coruña. Atrás quedaba unha longa loita dos seus traballadores para evitar o peche, mobilización que foi quen a mover as vontades das Administracións central e autonómica.

Nos últimos meses o hospital está a vivir unha progresiva perda da actividade como consecuencia das decisións da Consellería de Sanidade. Dunha banda, en horario ordinario, facultativos do cadro do hospital, realizan intervencións cirúrxicas en instalacións de hospitais concertados. Esta situación estase facendo nus casos de xeito voluntario e noutros de xeito forzoso, tendo sen utilización os quirófanos do hospital “Abente y Lago”. Como exemplo: En horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 a semana.

As condicións de traballo non son exactamente iguais nos quirófanos concertados que nos propios. Máis número de pacientes, menos persoal de enfermería, inexistencia de rexistros desas intervencións nas historias clínicas. Doutra banda, son frecuentes as repeticións de probas diagnósticas, con nova facturación.



Grupo Parlamentario

Unha vez iniciado ese proceso, que implica un dobre custo para o sistema sanitario, o persoal propio está sendo minorado: menos persoal de enfermería nos fins de semana, nos días festivos e polas noites. Mesmo o hospital está sen dirección médica e a coordinadora médica está destinada en Cee, a cen quilómetros de distancia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cómpre subliñar que dende que a Unidade de Reanimación, tendo a estrutura e os dispositivos necesarios, (2 camas de críticos) pechou polas noites e fins de semana, cando os pacientes necesitan ese servizo é necesario avisar ó 061 para que os traslade o CHUAC.

Toda a planta de cirurxía de curta estancia está pechada os fins de semana. Laboratorio e banco de sangue foron pechados e trasladados ó CHUAC.

Así un hospital cun modelo moi eficiente de cirurxía sen ingreso ou de corta estancia, con índices de calidade sobresaíntes, está sendo abandonado, amosando unha tendencia que levará á ineficiencia e o peche das instalacións, como xa sucedeu ca UCEQ (Unidade de curta estancia cirúrxica) con 18 camas.

Esta situación repercute nos pacientes de varias formas. As citas para realizar un ecocardiograma, por exemplo, danse cunha espera de 6 meses a un ano, igual que para unha ecografía abdominal. E aínda existen demoras maiores para determinadas probas diagnósticas. A consulta de anestesia que se viña realizando todos os días da semana de mañá, rebaixouse a 1 día de mañá e 2 de tarde con peonadas, con lista de espera de 6 meses o máis. Toda esta espera tendo consultas cerradas polas tardes.

Cómpre lembrar que o Goberno Touriño reduciu as lista de espera nas especialidades onde esa situación era endémica, cun custo económico razoable.

Diante desa situación o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario que a Consellería de Sanidade explique publicamente os seus obxectivos e ofrezga garantías de recuperación da actividade clínica e cirúrxica do Hospital “Abente y Lago”.



Grupo Parlamentario

E por iso que os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas serán adoptadas para corrixir as deficiencias expostas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Parlamento de Galicia, 11 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Francisco Cerviño González
Modesto Pose Mesura
Mar Barcón Sánchez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 11/11/2010 20:05:11

Francisco Cerviño González na data 11/11/2010 20:05:15

Modesto Pose Mesura na data 11/11/2010 20:05:23

Mar Barcón Sánchez na data 11/11/2010 20:05:28



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, Modesto Pose Mesura, Francisco Cerviño González e Mar Barcón Sánchez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicita a esa Mesa se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida nos documentos 54422, 54423, correspondentes a unha pregunta oral en Comisión e unha pregunta oral en Pleno respectivamente.

Ao final do cuarto parágrafo da iniciativa onde di: "... . Como exemplo: en horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 á semana." Débese suprimir. No seu lugar introducir a expresión: "... . Así foi nos últimos meses."

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Modesto Pose Mesura
Francisco Cerviño González
Mar Barcón Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 16/11/2010 11:52:26

Modesto Pose Mesura na data 16/11/2010 11:52:34


Francisco Cerviño González na data 16/11/2010 11:52:38



 Grupo Parlamentario

Mar Barcón Sánchez na data 16/11/2010 11:52:51

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54479
Data envío: 15/11/2010 14:06:00.154


Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, Carlos Aymerich Cano e Teresa Táboas Veleiro, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao resultado do proxecto de trazado e construción da Vía Artabra no seu tramo 4: N-VI autovía A-6.

No DOG do 17 de novembro de 2009 aparece a Resolución do 30 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos. Entre eles o contrato de servizo para o proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4: N-VI-autovía A-6. (Clave: AC/04/156.01.4), (AT/031/2009). Cun orzamento de 544.204,99 €.

Unha licitación publicada na pasada legislatura logo dunha Resolución do Goberno galego sobre o trazado e o tipo de vía para este tramo da vía Artabra tan importante para mellorar a mobilidade da comarca d'As Mariñas e para evitar os colapsos nas estradas de acceso á cidade da Coruña.

A pesar de estar xa rematado o proxecto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a mesma que adxudicou o contrato, sen facer público o documento, anuncia inicialmente que se elimina este tramo do proxecto de construción da vía Ártabra, alegando discrepancias dos concellos afectados.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54479
Data envío: 15/11/2010 14:06:00.154

Unha valoración que non se corresponde coa realidade e que, en calquera caso é irrelevante para un proxecto que xa cumpriu todos os trámites como demostra a numerosa documentación oficial tanto dos concellos d'As Mariñas como do propio Goberno galego ao longo de varias lexislaturas. Entre elas finalmente unha resolución executiva da propia Xunta que aproba definitivamente o proxecto e da como resultado a licitación reseñada.

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é o resultado do Proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4 contratada en Novembro de 2009?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano


Teresa Táboas Veleiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/11/2010 13:56:50

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 13:56:56



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54479

Data envío: 15/11/2010 14:06:00.154

Teresa Táboas Veleiro na data 15/11/2010 13:57:03



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Yolanda Díaz Lugilde e Rosa Oubiña Solla, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A principios de ano o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería de Medio Rural pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Son axudas dirixidas a organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpren unha serie de requisitos entre os que se atopan o feito de carecer de ánimo de lucro, acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reproductoras da/s raza/s en perigo de extinción ou estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos destas razas, así como garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia de trato discriminatorio para os criadores.

Por todo o exposto, e de interese para estas deputadas coñecer o seguinte:

¿Qué actuacións concretas foron subvencionadas a través desta convocatoria de axudas a cada raza autóctona galega de protección especial en perigo de extinción?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:30
Nº Rexistro: 54508
Data envío: 16/11/2010 10:30:35.284

María Emma Álvarez Chao na data 16/11/2010 10:28:40

María Isabel García Pacín na data 16/11/2010 10:28:48

Yolanda Díaz Lugilde na data 16/11/2010 10:28:54

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2010 10:28:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:08
Nº Rexistro: 54525
Data envío: 16/11/2010 13:08:25.899

Á Mesa do Parlamento


Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á prohibición por parte do xerente do CHUAC da celebración no salón de actos do hospital dun acto convocado pola Xunta de Persoal do hospital.

O pasado 15 de Novembro celebrouse na rotonda dos accesos ao Centro Hospitalario Universitario d'A Coruña unha mesa redonda, dirixida ao persoal do centro hospitalario e convocada pola Xunta de persoal, co obxectivo de informar e debater entre as e os profesionais a preocupante situación de deterioro da sanidade pública galega e mais en concreto o que afecta ao propio CHUAC.

Realizouse na rúa esta convocatoria non por desexo das persoas convocantes senón pola censura informativa establecida no Complexo Hospitalario polo xerente, ao prohibir a súa celebración no salón de actos, como foi solicitado pola Xunta de persoal.

Esta actitude antidemocrática foi explicada polo xerente aludindo a ordes directas da Consellería o que agrava aínda máis a situación:

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:08
Nº Rexistro: 54525
Data envío: 16/11/2010 13:08:25.899

Qué motivou á Consellería de Sanidade a censurar o dereito de reunión do persoal do SERGAS ao prohibir a celebración dun acto informativo convocado pola Xunta de Persoal do CHUAC no salón de actos do Hospital?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo


Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 13:03:57

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 13:04:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54550
Data envío: 16/11/2010 16:30:25.765

Á Mesa do Parlamento


Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á redución da actividade cirúrxica nos hospitais do SERGAS no último ano e as súas consecuencias na atención a doentes en lista de espera.

No verán de 2009, o Goberno galego decretou o fin da autoconcertación para a actividade cirúrxica co argumento de que se podía realizar en xornada ordinaria o que se estaba a facer en xornada extraordinaria, poñendo en cuestión a profesionalidade de traballadoras e traballadores do SERGAS.

Isto supuxo un deterioro na atención sanitaria e un empeoramento do tempo de espera e do número de persoas en espera para unha intervención cirúrxica que o Goberno galego tentou maquillar con varias estratexias: eliminaron a información sobre a actividade cirúrxica total limitándose a dar datos de actividade en xornada ordinaria e presionaron sobre as listas estruturais derivando á privada ou pechando axendas ao tempo que comunicaban datos non homologábeis sobre espera por prioridades.

Non se atendeu ás numerosas demandas de información sobre espera non estrutural e actividade total feitas dende o BNG en sesións de Comisión e Pleno no Parlamento Galego.

Pero a realidade do empeoramento da atención, mentres se manteñan quirófanos pechados, é unha evidencia para profesionais e doentes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54550
Data envío: 16/11/2010 16:30:25.765

Unha realidade que ven de ser confirmada na Memoria 2009 do Consello Económico e Social (CES) presentada nos últimos días, que cifra en 6844 cirurxías menos as realizadas en 2009 respecto do ano anterior.

Desminte este informe as continuas referencias de portavoces do Partido Popular de mellora da actividade cirúrxica e, o que é escandaloso, da Conselleira de Sanidade e do propio Presidente Galego no Parlamento.

Esta situación leva a este Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


Cál é a valoración que fai o Goberno galego da diminución de actividade cirúrxica real en 2009 que aparece na Memoria 2009 do CES?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 16:28:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54560
Data envío: 16/11/2010 19:35:14.364

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás razóns polas que se privatiza a xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación.


A Xunta de Galiza ven de publicar no DOG a contratación, polo trámite de urxencia, do servizo de programación e xestión do Proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización xuvenil e emancipación. Segundo a documentación que rexe este contrato o valor de licitación é de case 400.000 euros, a repartir entre os anos 2010 e 2011 e trátase de levar adiante a xestión das actividades das Casas situadas en Lalín, Tui, Vilagarcía, Noia, Carballo, Curtis, Betanzos, Pontedeume, Vilalba e Ourense.

Desde o BNG vemos innecesario este programa, máxime cando as funcións ás que se fai referencia son redundantes cos obxectivos e funcións que xa teñen esas Casas da Xuventude e a Rede de oficinas de Información xuvenil. Estaríanse duplicando servizos que xa existen, para facelos a través da contratación dunha empresa privada.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en pleno:

Que razóns levan á Xunta de Galiza a contratar unha empresa privada para realizar actividades no ámbito xuvenil cando xa existe persoal que realice esas funcións?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54560
Data envío: 16/11/2010 19:35:14.364

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/11/2010 19:21:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54570
Data envío: 17/11/2010 10:51:52.206

Á Mesa do Parlamento


Ana Belén Pontón Mondelo e Henrique Viétez Alonso, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza do feito de que se realicen campañas institucionais cun claro contido sexista.

A Dirección Xeral de Comercio fixo pública hai unha semana unha campaña de impulso ás prazas de abastos. Mais tan nobre fin vese deturpado polo claro contido sexista da mesma. Sexismo nun duplo sentido: ofrécese un estereotipo dos compradores e compradoras das prazas de abastos e ocúltase ás mulleres que traballan nas mesmas. Un compendio de sexismo que non debería producirse a estas alturas e moito menos por unha administración pública.

O sexismo na publicidade está prohibido por lei. Hai lexislación galega que recolle o compromiso da administración de erradicación do mesmo. Para máis incoherencia a Xunta de Galiza ten unha **Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista**, que á vista dos feitos non cumpre ningún papel máis alá do decorativo.

Desde o BNG consideramos que o mínimo que debería facer a Xunta de Galiza é retirar esta publicidade, promovendo campañas que fuxan de reproducir os máis rancios estereotipos que para nada teñen que ver coa realidade das mulleres.

Polo dito, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54570
Data envío: 17/11/2010 10:51:52.206

Considera a Xunta de Galiza que a campaña “Este inverno presume de praceiro” responde aos criterios de fomentar unha imaxe igualitaria e non estereotipada das mulleres?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/11/2010 10:50:41

Henrique Viéitez Alonso na data 17/11/2010 10:50:45



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López, M^a Remedios Quintas Alvarez e José Tomé Roca, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia, como o resto dos territorios desenvolvidos, necesita para competir no mercado global unha mellora na competitividade xeral da súa economía. E o mensaxe está claro, é imprescindible unha sociedade e unha economía máis baseadas no coñecemento.

Este mensaxe non é novo, o novo no mundo global é a urxencia e a contundencia do mesmo. A economía do coñecemento xa non é unha opción; falamos dun factor fundamental para unha saída sostible do noso desenvolvemento futuro como país.

Os socialistas vimos sinalando que lamentablemente, a política do goberno de Núñez Feijoo en relación coa investigación e o desenvolvemento e, literalmente, inexistente.

Nos máis de 18 meses do actual goberno galego, este limitouse a continuar en algúns casos coas liñas de apoio a investigación e o desenvolvemento que formulara o anterior goberno, atacando noutras dunha forma sectaria a herdanza recibida.

Neste ámbito, moi competitivo, quedarse quietos, é retroceder, aínda que parece que o presidente Feijoo e o conselleiro Guerra non lles preocupa, sempre podemos competir vía salarios, externalizando as nosas producións.

Pero as alternativas teñen que ser outras. E os exemplos deste desgoberno, moitos, como exemplo, en decembro deste ano 2010 rematan os fondos europeos que permitiron desenvolver o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e non temos noticias fiables sobre o futuro.

Resulta evidente que esta falla de iniciativa política comeza a ter os seus resultados, e os datos así o reflicten. Os últimos coñecidos, para o ano 2009, sinalan como o esforzo en I+D en Galicia en relación co PIB, son peores que os do ano anterior, mentres que no conxunto de España e en moitas comunidades autónomas melloran.



Grupo Parlamentario

Mentres en España o esforzo en I+D en relación co PIB, aumenta entre 2008 e 2009 do 1.35 a o 1.38%, en Galicia diminúe do 1.04 o 0.96%, incrementando o noso diferencial negativo. Situándonos nos derradeiros lugares das comunidades autónomas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego desenvolver novas políticas de I+D+i que permitan diminuír o noso diferencial negativo ca media española, en esforzo investigador en relación co PIB?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Concepción Burgo López
M^a Remedios Quintas Alvarez
José Tomé Roca
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/11/2010 14:24:52

María Concepción Burgo López na data 17/11/2010 14:24:57

María Remedios Quintas Álvarez na data 17/11/2010 14:25:01

José Tomé Roca na data 17/11/2010 14:25:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:09
Nº Rexistro: 54627
Data envío: 18/11/2010 10:09:38.168

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O mércores 17 de novembro de 2010 o Diario Oficial de Galicia publica a Resolución do 21 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se fai pública a adxudicación dun contrato administrativo. Segundo reza no texto "En cumprimento do disposto no artigo 138º.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do seguinte contrato: Servizo para a elaboración da campaña informativa de divulgación dos novos valores do sistema de ensinanza non universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia." Esta adxudicación consta de dous lotes: Lote 1: creatividade, produción e accións especiais. Lote 2: estratexia, planificación de medios e execución da publicidade. O orzamento base de licitación ascende a 950.000 euros (IVE incluído). Lote 1: 200.000 euros (IVE incluído). Lote 2: 750.000 euros (IVE incluído). Como podemos comprobar con data de 14 de outubro de 2010 adxudicouse o primeiro lote por un importe de 194.989 euros (IVE incluído) e con data de 14 de outubro de 2010 o segundo lote por un importe de 750.000 euros (IVE incluído).

Partindo da premisa que o Presidente Feijóo anunciou no mes de outubro a supresión da campaña para promocionar o decreto de redución do galego nas aulas, e dado que o sistema educativo só sufriu como novidade por unha banda, o recorte de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:09
Nº Rexistro: 54627
Data envío: 18/11/2010 10:09:38.168

fondos, profesorado e unidades escolares públicas e, por outra, a prohibición de impartir determinadas materias en lingua galega, este grupo parlamentar presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que novos valores do sistema de ensinanza non universitaria pensa publicitar o Goberno galego por un valor de 944.989?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/11/2010 10:06:12

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/11/2010 10:06:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Motivación da urxencia. A urxencia vén motivada pola alarma social provocada pola recente proposta de resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras á empresa *Construcuatro* polo cobro de sobreprezos á vivenda protexida.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras vén de realizar unha proposta de resolución pola que se sanciona cunha multa de 3,7 millóns de euros á Empresa *Construcuatro*, propiedade de D. Temo Martín, D. Eugenio Sobral e D. José Manuel Torres, por considerar probado o cobro de sobreprezos en vivenda protexida no Polígono de Navia no Concello de Vigo.

A actual Lei de vivenda de Galicia cualifica estes feitos como infracción administrativa moi grave a percepción de sobreprezos na compravenda de vivendas declaradas protexidas. A sanción proposta pola Administración galega representa a mínima sanción posible, tendo que reseñar ademais a proposta de inhabilitación por un prazo de seis anos á Empresa *Construcuatro* para participar en promoción de vivendas de protección oficial.

Resultando evidente a gravidade dos feitos, a sociedade galega quedou moi sorprendida ante a escalada das manifestacións de altos representantes do Partido Popular tratando de xustificar á persoa de D. Telmo Martín, dada a súa condición de actual candidato nomeado polo Partido Popular para a Alcaldía de Pontevedra.

O propio presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, realizou declaracións ante os medios de comunicación avalando a figura de D. Telmo Martín. Os seus argumentos resultan, cando menos, curiosos ao sinalar que a proposta de resolución non vai contra a figura de D. Telmo Martín, senón “contra unha empresa”, ou



Grupo Parlamentario

que non se debe “mezclar” a actividade política coas súas ocupacións empresariais. Curiosa forma de relativizar este tema o presidente da Xunta, que tamén pretende remarcar que a Xunta realiza estas propostas sen ter en conta aos que son os propietarios das empresas, se ben obvia e oculta que a sanción proposta é xustamente a mínima.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Semella que D. Alberto Núñez Feijóo, actual presidente da Xunta de Galicia e presidente do Partido Popular de Galicia, está disposto a avala calquera candidato do seu partido mesmo a sabendas que nas súas actividades empresariais quedase constatada a utilización de estratexias e actuacións concretas en contra da lexislación vixente. Só así poden entenderse unhas manifestacións nas que invita a non “mezclar” a actividade política coa empresarial.

Debemos sinalar que o propio D. Telmo Martín, declárase solidario cos seus socios na empresa *Construcuatro*, se ben pretende culpar á súa propia condición política a repercusión dos feitos. Literalmente indica que este asunto “sae á palestra” dada a súa condición política. Pero o certo é que este asunto “sae á palestra” porque a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras considera probado un feito que a lei vixente cualifica de moi grave o cobro de sobrepazos en vivenda protexida.

Estas son as razóns polas que o deputado que asina formula a seguinte pregunta ao Sr. conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

Considera adecuada a proposta de resolución efectuada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras contra a Empresa *Construcuatro* da que é socio D. Telmo Martín?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2010

Asdo: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 22/11/2010 15:06:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727